Sobre o resultados da auditoría e a avaliación realizada pola Consellería de Política Territorial, Obras Publicas e Transportes respecto das causas dos afundimentos producidos no Vial do Salnés e a realización de análises para garantir a seguridade noutras infraestruturas viarias galegas

A Mesa, por unanimidade, acorda a admisión a trámite e cualifícaa como pregunta con resposta escrita.

- 07/PRE-7133(15728)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López-Chaves Castro, Ignacio Javier

Sobre a cantidade aboada pola Xunta de Galicia á sociedade Nalgures Producións, S.L. B-27.340.322, con motivo do programa denominado "A cultura circula", así como a partida orzamentaria da que se detraeu

A Mesa, por unanimidade, acorda a admisión a trámite e cualifícaa como pregunta con resposta escrita.

- 07/PRE-7134(15730)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López-Chaves Castro, Ignacio Javier

Sobre os datos referentes á contratación de persoal levada a cabo pola Fundación Cidade da Cultura nos últimos meses

A Mesa, por unanimidade, acorda a admisión a trámite e cualifícaa como pregunta con resposta escrita.

- 07/PRE-7135(15731)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López-Chaves Castro, Ignacio Javier

Sobre os datos referentes á creación da Axencia Audiovisual Galega

A Mesa, por unanimidade, acorda a admisión a trámite e cualifícaa como pregunta con resposta escrita.

- 07/PRE-7136(15732)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López-Chaves Castro, Ignacio Javier

Sobre os datos referentes ao deseño e contratación do logotipo e imaxes da Axencia Audiovisual Galega

A Mesa, por unanimidade, acorda a admisión a trámite e cualifícaa como pregunta con resposta escrita.

- 07/PRE-7137(15733)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López-Chaves Castro, Ignacio Javier

Sobre os datos referentes ao deseño e contratación da páxina web da Axencia Audiovisual Galega

A Mesa, por unanimidade, acorda a admisión a trámite e cualifícaa como pregunta con resposta escrita.

- 07/PRE-7138(15744)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Castro García, Roberto e 6 deputados máis

Sobre os datos referentes ás solicitudes de ampliación e modificación de explotacións agrarias recibidas pola Consellería do Medio Rural dende agosto de 2005

A Mesa, por unanimidade, acorda a admisión a trámite e cualifícaa como pregunta con resposta escrita.

- 07/PRE-7139(15749)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López Besteiro, Manuela e López-Chaves Castro, Ignacio Javier

Sobre os datos referentes á compra dos libros de texto para os alumnos de primeiro de Educación Primaria no colexio público de Campolongo (Pontevedra) e a subvención recibida polo colexio para ese fin

A Mesa, por unanimidade, acorda a admisión a trámite e cualifícaa como pregunta con resposta escrita.

- 07/PRE-7140(15754)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Riobó Dios, María Modesta e Aymerich Cano, Carlos Ignacio
Sobre a planificación pola Xunta de Galicia do Centro Médico do Foxo, na Estrada

A Mesa, por unanimidade, acorda a admisión a trámite e cualifícaa como pregunta con resposta escrita.

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 20 de decembro de 2006

María Tereixa Paz Franco

Vicepresidenta 1.^a

Preguntas para resposta por escrito convertidas e Preguntas orais en Comisión

A Mesa do Parlamento, na reunión do 19 de decembro de 2006, adoptou os seguintes acordos:

Admisión reconversión pregunta oral:

- 07/PRE-4702 (9790)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel

Sobre os prazos previstos polo Goberno galego respecto da execución do protocolo de colaboración asinado entre o Concello do Vicedo e a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible para o desenvolvemento de determinadas obras hidráulicas, concretamente a de saneamento na parroquia de Santa María de Suegos

BOPG núm. 170, do 30.06.2006

A Mesa, por unanimidade, acorda a súa reconversión en pregunta con resposta oral en Comisión.

Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Petición reconversión en pregunta oral: Doc. núm. 15636

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 20 de decembro de 2006

María Tereixa Paz Franco

Vicepresidenta 1.^a

7. Composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

7.3. Organización e funcionamento do Parlamento

7.3.2. Propostas de resolución polas que se crean comisións

Acordo da Mesa do Parlamento do día 19 de decembro de 2006, de creación dunha Comisión de investigación co obxecto de clarexar as posibles anomalías na execución da vía rápida do Salnés, solicitada polos deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular (docs. núms. 15622, 15669 e 15752).

Examínase a solicitude de creación dunha Comisión de investigación formulada polos deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular co obxecto de clarexar as posibles anomalías na execución da vía rápida do Salnés, da que se tomara coñecemento na sesión do 11 de decembro (doc. núm. 15622) e da corrección de erros realizada nos documentos números 15669 e 15752.

Visto o disposto nos artigos 52 RPG; e tendo en conta que se cumpre o requisito de lexitimación, a Mesa adopta o seguinte acordo:

1.º) Admitir a trámite a solicitude de creación dunha Comisión de investigación co obxecto de clarexar as posibles anomalías na execución da vía rápida do Salnés, solicitada polos deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular.

2.º) A súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 20 de decembro de 2006

María Tereixa Paz Franco

Vicepresidenta 1.^a

Acordo da Mesa do Parlamento do día 19 de decembro de 2006, de creación dunha Comisión de investigación co obxecto de coñecer as causas do prematuro e grave deterioro da vía rápida do Salnés, solicitada polos grupos parlamentarios dos Socialistas e do BNG (doc. núm. 15773).

Examínase a solicitude de creación dunha Comisión de investigación formulada investigación co obxecto de coñecer as causas do prematuro e grave deterioro da vía rápida do Salnés, solicitada polos grupos parlamentarios dos Socialistas e do BNG.

Visto o disposto nos artigos 52 RPG; e tendo en conta que se cumpre o requisito de lexitimación, a Mesa adopta o seguinte acordo:

1.º) Admitir a trámite a solicitude de creación dunha Comisión de investigación co obxecto de coñecer as causas do prematuro e grave deterioro da vía rápida do Salnés, solicitada polos deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular.

2.º) A súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 20 de decembro de 2006

María Tereixa Paz Franco

Vicepresidenta 1.^a

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz e a iniciativa da súa deputada Susana López Abella, ó abeiro do disposto no artigo 151.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte MOCIÓN para substancia-la Interpelación con nº de rexistro 14073 debatida na Sesión Plenaria do día 13 de decembro de 2006, sobre a presentación dun novo Plan integral de apoio á familia.

MOCIÓN

O Parlamento insta á Xunta de Galicia a:

1. Presentar nesta Cámara no prazo de tres meses a avaliación do III Plan Integral de apoio a Familia 2002-2005, así como as medidas que se pensan adoptar respecto os programas, servizos e axudas existentes ate de agora.
2. Elaborar e remitir ó Parlamento de Galicia no prazo de tres meses o IV Plan Integral de apoio á familia, como instrumento eficaz das políticas transversais e interdepartamentais que implique ás distintas consellerías, ós distintos departamentos así como ás entidades locais, coa finalidade de mellorar e reforzar o benestar de todas familias galegas.
3. Crear o Consello Galego de Política Familiar.

Santiago de Compostela, 15 de decembro de 2006

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Barreiro Fernández na data 15/12/2006 17:35:47

Susana López Abella na data 15/12/2006 17:35:56



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e deputados **Laura Seara Sobrado, Mar Barcón Sánchez, M^a do Carmen Acuña do Campo, Margarita Pérez Herraiz, Carmen Cajide Hervés, Beatriz Sestayo Doce, M^a Soledad Soneira Tajés, Concepción Burgo López, Xoaquín Fernández Leiceaga, Abel Losada Álvarez, Francisco Cerviño González e Guillermo Meijón Couselo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de Motivos

O 1 de outubro de 1931 o Pleno do Congreso dos Diputados aprobou, por 161 votos fronte a 121, o artigo 36 da Constitución da II República que recoñecía o dereito das mulleres ao voto, e que se ratificou o 1 de decembro nunha votación aínda máis axustada de 131 votos a favor fronte a 127.

A deputada Clara Campoamor defendeu este dereito cunha extraordinaria intelixencia política e cun profundo convencemento, que resultaron decisivos para rebater a quenes pretendían retrasar este recoñecemento.

O 1 de xaneiro de 2002, 71 anos despois deste acontecemento, as unidades monetarias de Alemania, Austria, Bélxica, España, Finlandia, Francia, Grecia, Holanda, Irlanda, Italia, Luxemburgo e Portugal, foron substituídas por billetes e por moedas de euro.

O acordo ao que chegaron os países da Unión Europea foi o de respetar que a impresión dos billetes de euros fora idéntica en todos os Estados. Nembargantes as moedas terán un tratamento diferente, isto é, haberá unha cara común para todas as acuñacións e países e outra cara, que será específica para cada Estado, de tal xeito que deseñarán libremente tendo en conta dúas condicións: incluír as estrelas da bandeira da Unión Europea e o ano de acuñación.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

En España, a existencia dunha cara estatal do euro nos sitúa ante unha ocasión histórica para incorporar a imaxe de mulleres á moeda de curso legal e correxir unha traxectoria de 133 anos (1869-2002), na que as imaxes das mulleres nas moedas eran de carácter alegórico.

É un exercicio de xustiza, pero tamén de desenvolvemento democrático que se dea cabida ao recoñecemento da labor ao longo da historia. Pero facelo non só é un exercicio de recoñecemento, tamén provoca unha inflexión para afrontar a nova unidade monetaria que debe reflectir a paridade á que aspiramos e que está dando pasos irreversibles.

Polo tanto, é hora de homenaxear ás mulleres, na mesma medida que aos homes, que foron figuras relevantes na vida social, cultural, económica, educativa, política, etc.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno do Estado para que:

Garanta que na acuñación de moedas de euros, as instancias responsables da súa selección inclúan, con carácter paritario, a imaxe de homes e de mulleres, recoñecendo en primeiro lugar a figura de Clara Campoamor e o seu decisivo traballo na consecución do voto feminino hai 75 anos.



Grupo Parlamentario

Pazo do Parlamento, 13 de decembro de 2006

Asdo.: Laura Seara Sobrado
Mar Barcón Sánchez
M^a Carmen Acuña do Campo
Margarita Pérez Herraiz
Carmen Cajide Hervés
Beatriz Sestayo Doce
M^a Soledad Soneira Tajés
Concepción Burgo López
Xoaquín Fernández Leiceaga
Abel Losada Álvarez
Francisco Cerviño González
Guillermo Meijón Couselo
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asdo.: Ismael Rego González
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Laura Seara Sobrado na data 13/12/2006 11:32:05

María del Mar Barcón Sánchez na data 13/12/2006 11:32:20

María del Carmen Acuña do Campo na data 13/12/2006 11:33:01

Margarita Pérez Herraiz na data 13/12/2006 11:33:09

María del Carmen Cajide Hervés na data 13/12/2006 11:33:37

Beatriz Sestayo Doce na data 13/12/2006 11:33:56

María Soledad Soneira Tajés na data 13/12/2006 11:34:40

María Concepción Burgo López na data 13/12/2006 11:34:54

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 13/12/2006 11:35:04



■ Grupo Parlamentario

Abel Fermín Losada Álvarez na data 13/12/2006 11:35:11

Francisco Cerviño González na data 13/12/2006 11:35:24

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Guillermo Antonio Meijón Couselo na data 13/12/2006 11:35:41

Ismael Rego González na data 13/12/2006 11:36:36

Á Mesa do Parlamento

Os **Grupo Parlamentario do Partido Popular de Galicia**, o **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e o **Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**, por iniciativa dos seus deputados **Miguel Ángel Santalices Vieira**, **Modesto Pose Mesura** e **Carlos Aymerich Cano**, respectivamente, a través dos seus respectivos portavoces e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de Motivos

As enfermidades cardiovasculares constitúen a primeira causa da mortalidade no mundo. En España morren cada ano por esta causa 130.000 persoas, é dicir, unha de cada tres mortes ten orixe cardiovascular. En Galicia, o 35% das persoas que morren cada ano é por esta causa, sendo o 40'96% en maiores de 75 anos. E, tamén en Galicia a primeira causa de mortalidade, salvo que o cómputo sexa en menores de 75 anos que serían os tumores.

Estas enfermidades, na actualidade son altamente vulnerables ás intervencións sanitarias. A pesares dos importantes avances no diagnóstico e tratamento, a prevención segue a ser unha tarefa pendente.

A enfermidade cardiovascular está relacionada directamente con varios factores de risco: dislipemia, intolerancia á glucosa, hipertensión arterial e obesidade abdominal entre outros. Ultimamente a comunidade científica ven mostrando a súa preocupación pola obesidade abdominal, que se cuadriplicou nos últimos anos.

O risco cardiovascular atribuíble a obesidade abdominal débese, principalmente, ao exceso de graxa visceral, un depósito adiposo na cavidade intraabdominal, que foi identificado como unha causa subxacente de enfermidade cardiovascular debido a variedade de alteracións metabólicas que provoca. A obesidade abdominal está relacionada cos clásicos factores de risco (dislipemia, diabetes tipo 2, hipertensión e síndrome metabólico) e é un indicador independente da morbilidade e mortalidade cardiovascular.

A obesidade abdominal, medida por técnicos de imaxe, correlaciónase estreitamente ca medida da circunferencia da cintura. Esta

medida sinxela, fiable e pouco custosa non se integrou, aínda, na práctica clínica habitual.

Segundo un estudio recente internacional (“Perfil das Nacións”) sobre 16.476 persoas de 27 países, o 49% dos médicos de Atención Primaria europeos recoñeceron que nunca miden a circunferencia da cintura que é como se mide a obesidade abdominal.

Por todo elo, co fin de sensibilizar á poboación e aos profesionais da asistencia sanitaria, se propón a seguinte Proposición non de lei, avalada polos tres grupos da Cámara.

O Parlamento Galego insta ao Goberno galego a:

1.- Que insista na aplicación de medidas preventivas nas enfermidades cardiovasculares, moi especialmente no control do sobrepeso por parte de Atención Primaria, así como a información e difusión social da relación existente entre a obesidade abdominal e as enfermidades cardiovasculares.

2.- Dar a coñecer á poboación galega a importancia da medición do perímetro da cintura como prevención das enfermidades cardiovasculares.

3.- Que a Consellería de Sanidade estableza esta práctica nos protocolos de prevención na asistencia primaria.

Pazo do Parlamento, 14 de decembro de 2006

Asdo.: Miguel Angel Santalices Vieira
Deputado do G.P. Popular de Galicia

Asdo.: José Manuel Barreiro Fernández
Portavoz do G.P. Popular de Galicia

Asdo.: Modesto Pose Mesura
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Ismael Rego González
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Carlos Aymerich Cano

Deputado e Portavoz do G.P. Bloque Nacionalista Galego

Asinado dixitalmente por:

Modesto Pose Mesura na data 14/12/2006 14:03:53

Ismael Rego González na data 14/12/2006 14:03:59

José Manuel Barreiro Fernández na data 14/12/2006 14:07:20

Miguel Ángel Santalices Vieira na data 14/12/2006 14:07:27

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 14/12/2006 16:29:34

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do **Bloque Nacionalista Galego**, a iniciativa do seu deputado Bieito Lobeira Domínguez e ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate en Pleno, relativa á adopción de medidas para o traslado dos depósitos de almacenamento de produtos químicos e petrolíferos do porto de Vilagarcía de Arousa, e a eliminación do tránsito marítimo de hidrocarburos na ría de Arousa.

No período 1997-98 instalábanse no porto de Vilagarcía de Arousa –no peirao do Ferrazo- uns depósitos de hidrocarburos que xeran un tránsito de mercadorías perigosas no interior da Ría de Arousa -a máis rica e produtiva de toda a nosa nación- que resulta absolutamente inaceitábel. Na actualidade, o tránsito de hidrocarburos no porto de Vilagarcía chega ás 300.000 tns/ano, estimándose un incremento vinculado ao proceso de ampliación (novos recheos) que acadaría no ano 2010 as 750.000 tns/ano.

É evidente que a ubicación destes depósitos no seu actual emprazamento na ría de Arousa representa un risco inasumíbel. Conta Galiza con demasiada experiencia vinculada a episodios de contaminación mariña, marés negras, ou sinistros marítimos de todo tipo, para localizar agora no corazón da ría máis produtiva de toda Europa unha instalación altamente perigosa –unha auténtica bomba de relojería- que ameaza milleiros de postos de traballo.

A Ría de Arousa e o complexo natural e produtivo máis importante do noso país. Ten unha superficie de 250 Km² e 75 km de costa, posuíndo 9

estuarios e zonas húmidas importantes, 13 illas de certa dimensión e máis de 100 praias, así como diversos ecosistemas submariños: bancos areosos, pradeiras de ceba, fondos rochosos, de falso coral e boscos de algas. Todo isto e a súa climatoloxía posibilitan unha abundantísima riqueza florística, faunística e paisaxística, estando recoñecidos 3 espazos naturais protexidos: (1) Dunas de Corrubedo e lagoas de Vixán e Carregal; (2) Enseada do Umia–Ogrobe e zonas de Carreirón e illas Areoso, Pedregoso e Rúa e (3) Desembocadura do río Ulla. Comprenden estes tres espazos o 20% da superficie total da ría.

Esta privilexiada base natural permitiu o desenvolvemento dunha actividade económica moi importante nos complexos Mar-Industria e Turístico. Neste conxunto económico existen moitos subsectores de grande importancia socioeconómica: Pesca Artesanal, Marisqueo, Percebe, Frota da Vieira, Cerco, Parques de ameixa, Acuicultura do Mexillón, Ostra, Rodaballo, Depuradoras, Cetáceas, Cocedeiros, Conserveiras, Hostalaría, Transporte, actividades de ocio e lecer...etc. A suma da produción e facturación de todas estas actividades supoñen unha cifra cercana aos 800 millóns de euros anuais e posibilitan 26.000 empregos directos que supoñen máis da metade de todo o emprego da beiramar da ría.

Estes complexos económicos son á súa vez o sostén fundamental da actividade comercial, da construción e dos servizos de toda a beiramar. Por outra banda, constitúen sectores estratéxicos no futuro desenvolvemento da economía galega e, por suposto, do futuro socioeconómico da Ría de Arousa.

Xa máis recentemente, unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, ditada en base ao correspondente recurso contencioso-administrativo

interposto pola Plataforma para a Defensa da Ría de Arousa, ven a anular a resolución da Consellaría de Industria e Comercio do anterior Goberno do Partido Popular que autorizaba a instalación de almacenamento de produtos químicos e petrolíferos nesa mesma localización.

Estas son as razóns que levan ao Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego a formular a seguinte Proposición non de lei para o seu tratamento en Pleno:

O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

1. Dirixirse ao Goberno español a fin de adoptar:
 - a) As medidas necesarias para retirar e trasladar fóra da ría de Arousa os depósitos de almacenamento de produtos químicos e petrolíferos actualmente ubicados no porto de Vilagarcía de Arousa.
 - b) A eliminación do transporte marítimo de hidrocarburos na ría de Arousa.

2. Pór en marcha todas as accións precisas, conducentes, no ámbito das súas competencias, ao traslado destes depósitos.

Santiago de Compostela, 14 de decembro de 2006.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Deputado e portavoz s. do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 14/12/2006 10:26:04



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados e deputadas, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 e do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei en Pleno** polo trámite de urxencia.

A urxencia vén motivada pola necesidade de que, antes de que remate o ano en curso, declarado ano da memoria, o Parlamento galego se pronuncie sobre este particular.

Exposición de motivos

Unha sociedade sana é aquela que ten memoria, e aquela que defende o modelo resultante das urnas, xamais a das ametralladoras e as pistolas.

E desde esta perspectiva, non existen razóns para provocar a masacre que sufriu España, e en consecuencia Galicia, polo levantamento contra o Goberno lexítimo da IIª República en xullo de 1936.

Sen memoria non é posible unha reconciliación fonda, sincera e verdadeira. A memoria non é un acto de vinganza, senón de xustiza.

As vítimas dun dos bandos xa foron honradas polo franquismo. Honrar as vítimas doutro bando non só non é abrir feridas, senón camiñar decididos cara a concordia. Existe pois, sen dúbida, unha reparación pendente.

Con esa intención os gobernos de España e Galicia declararon este ano ano da memoria.

A cifra de mortos en Galicia, pola represión do bando franquista durante a guerra civil e a inmediata postguerra é aínda hoxe incerta.

O historiador e militar Ramón Salas Larrazábal da a cifra, entre homicidios, “execucións irregulares” e execucións xudiciais, de 1794 entre o 18 de xullo e o 31 de nadal de 1936. O historiador Carlos Fernández Santander a eleva ata 2300 aproximadamente nese período, e en toda a



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

guerra ata 4200. A estas cifras hai que engadir os mortos durante os primeiros anos do franquismo.

Entre os asasinados nos primeiros meses figuran persoas de toda condición social, e de distintas ideoloxías, entre elas os catro gobernadores civís republicanos, a muller do Gobernador de A Coruña, Juana Capdevielle, licenciada e arquiteira, alcaldes galeguistas como Anxel Casal, ou socialistas como Xaime Quintanilla, deputados do Frente Popular (40 foron asasinados en toda España): Antonio Bilbatúa, José Miñones, Díaz Villamil, Ignacio Seoane, ou ex deputados como Heraclio Botana, xenerales leais a República como Caridad Pita, Salcedo Molinuevo, o almirante Azarola Gresillón, mestres como Mercedes Romero Abella, médicos como Rafael de Vega e Luis Poza, abogados como José Adrio, albaneles como o anarquista Luis Souto Neira, militantes comunistas como Benigno Álvarez ou Araújo Conde, agrarios como Manuel Lustres, cenetistas como José Villaverde, ou artistas como Luis Huci e Camilo Díaz Valiño.

Entre eses fusilados, o foi o 17 de agosto Alexandre Bóveda, Xefe de contabilidade da Delegación de Facenda de Pontevedra, fundador do Partido Galeguista, unha persoa fundamental no deseño, elaboración e aprobación do Estatuto de 1936, fusilado por defender a legalidade democrática republicana, pola defensa da súa nación, polo seu compromiso coa defensa dos lexítimos intereses culturais, lingüísticos, socio-económicos e políticos de Galicia.

A figura de Bóveda é exemplar para todos os galegos e galegas, porque, con traballo perseverante e entrega sacrificada, tivo a virtude de ofrecernos un verdadeiro legado político: democracia, pluralismo, dereito de autogoberno, internacionalismo solidario, defensa das potencialidades de Galicia.

Para honrar a súa figura e a de tódolos perseguidos pola dictadura, e para que a memoria nos permita comprender os conceptos de reconciliación, convivencia e humanidade.

O Parlamento de Galicia acorda instar á Xunta de Galicia a:



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

1. Demandar do Estado o estudo da anulación do Consello de Guerra sumarísimo ao que foi sometido Alexandre Bóveda, e o de tódolos Consellos de Guerra e xuízos celebrados contra os defensores da legalidade republicana.
2. A impulsar a rehabilitación pública da súa persoa, e a de tódolos que morreron en defensa da liberdade como símbolo da Galicia Mártir.
3. Apoiar e impulsar iniciativas que teñan como obxectivo dar a coñecer e divulgar na sociedade galega as súas vidas e as súas obras.
4. Desenvolver e apoiar iniciativas encamiñadas á reparación moral e económica de todas as vítimas galegas da represión da ditadura franquista e ao coñecemento da verdade histórica.

Pazo do Parlamento, 13 de decembro de 2006

Asdo.: Ismael Rego González
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xaquín María Fernández Leiceaga
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: M^a del Mar Barcón Sánchez
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Abel Losada Álvarez
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Dolores Villarino Santiago
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Pablo López Vidal
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: M^a Carmen Acuña do Campo
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: M^a Concepción Burgo López
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: M^a Carmen Cajide Hervés
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Francisco Cerviño González
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia



Grupo Parlamentario

Asdo.: José Manuel Gallego Lomba
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asdo.: Guillermo Meijón Couselo
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Margarita Pérez Herráiz
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Modesto Pose Mesura
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Laura Seara Sobrado
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Beatriz Sestayo Doce
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: M^a Soledad Soneira Tajés
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: José Tomé Roca
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luis Toxo Ramallo
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Ismael Rego González na data 13/12/2006 18:00:01

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 13/12/2006 18:00:14

María del Mar Barcón Sánchez na data 13/12/2006 18:00:46

Abel Fermín Losada Álvarez na data 13/12/2006 18:00:52

Dolores Villarino Santiago na data 13/12/2006 18:00:57

Pablo Xabier López Vidal na data 13/12/2006 18:01:06

María del Carmen Acuña do Campo na data 13/12/2006 18:01:16

María Concepción Burgo López na data 13/12/2006 18:01:24

María del Carmen Cajide Hervés na data 13/12/2006 18:01:32

Francisco Cerviño González na data 13/12/2006 18:01:40

José Manuel Gallego Lomba na data 13/12/2006 18:01:51



Grupo Parlamentario

José Manuel Lage Tuñas na data 13/12/2006 18:02:00

Guillermo Antonio Meijón Couselo na data 13/12/2006 18:02:14

Margarita Pérez Herráiz na data 13/12/2006 18:02:20

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Modesto Pose Mesura na data 13/12/2006 18:02:30

Laura Seara Sobrado na data 13/12/2006 18:02:36

Beatriz Sestayo Doce na data 13/12/2006 18:02:42

María Soledad Soneira Tajés na data 13/12/2006 18:02:48

José Tomé Roca na data 13/12/2006 18:02:53

Luis María Tojo Ramallo na data 13/12/2006 18:03:00



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada **Laura Seara Sobrado** e do seu deputado **Guillermo Meijón Couselo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**.

Exposición de motivos

A visibilidade de todas as formas de orientación sexual e o respecto ás mesmas ten crecido claramente nos últimos anos. Especialmente e de xeito moi significativo, dende a aprobación da lei de modificación do Código Civil en materia de dereito a contraer matrimonio, que significou un avance importantísimo na regulación de dereitos civís que afectaron a toda a cidadanía, non só a un colectivo.

Foi un paso decisivo, consecuencia da histórica reivindicación de diferentes organizacións e colectivos de gais, lesbianas, bisexuais e transexuais, apoiados por outras plataformas en defensa dos dereitos humanos, por organizacións sociais, partidos políticos e por moitos medios de comunicación.

Así, este proceso se inicia trala chegada ao Goberno do Partido Socialista, que incluía no seu programa de Goberno o compromiso de ampliar os dereitos da cidadanía.

O texto legal entrou en vigor coa aprobación polo Congreso da Lei 13/2005, de 1 de xullo, acabando con anos de discriminación legal por orientación sexual e dando cumprimento ao expresado na Constitución, no actual Estatuto de Autonomía e na normativa comunitaria (Directiva 2000/43/CE do Consello, de 29 de xuño ou a Directiva 2000/78/CE do Consello de 27 de novembro).

Pero pese a ter acadada a igualdade legal, a realidade cotiá e os propios informes elaborados por diversas entidades indican que esta non é suficiente. Desgraciadamente, feitos como os acontecidos nas últimas



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

semanas tanto en Galicia como noutros lugares do Estado, nos alertan de actitudes, comportamentos e mesmo de violencia homofóbica e transfóbica, por unha aversión cara ás persoas cunha orientación sexual que non se ciñe ao patrón maioritario.

O estudo “Homofobia en el sistema educativo”, elaborado por unha das organizacións con máis experiencia na materia como é o COGAM, conclúe que a homofobia e a discriminación seguen presentes entre unha parte da mocidade.

Existe homofobia en moitos centros educativos, ao igual que existen grandes prexuízos sobre a sexualidade.

Para o Grupo Socialista é importante eliminar estes elementos absurdos e excluíntes, que ás veces derivan en humillacións, escarnios e insultos que algúns xóvenes padecen pola súa orientación sexual. E por elo, temos claro que é na etapa educativa cando mellor se poden introducir os valores de igualdade e tolerancia que contribúan a normalizar a consideración entre iguais da orientación sexual. Por eso, esta proposta pretende contribuír á aceptación entre a mocidade dunha realidade evidente como é a existencia de diferentes orientacións sexuais, todas elas, exactamente iguais de respectables.

Na Lei Orgánica de Educación se inclúe, dentro dos fins da educación, o pleno desenvolvemento da personalidade e das capacidades afectivas do alumnado e a formación no respecto os plenos dereitos e liberdades fundamentais e á igualdade afectiva de oportunidades entre homes e mulleres, así como o recoñecemento da diversidade afectivo-sexual e a valoración crítica das desigualdades que permitan superar os comportamentos sexistas.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado asinantes presentan, para o seu debate en comisión, a seguinte Proposición non de lei:



Grupo Parlamentario

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1.- Impulsar medidas e accións concretas no sistema educativo galego que contribúan a acadar o efectivo respecto da diversidade afectivo-sexual.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

2.- Levar a cabo as accións necesarias para incluír na asignatura de “Educación para a Cidadanía” os valores de respecto á diversidade afectivo-sexual.

3.- Fomentar actuacións nos centros educativos tendentes a eliminar toda forma de violencia e a rexeitar os prexuízos que xeran actitudes homófobas, de acordo coas liñas de actuación do Plan Valora.

4.- Na elaboración destas actuacións e medidas participarán o Consello Escolar de Galicia, as asociacións de nais e pais, as asociacións de estudantes, os colectivos de GLTB de Galicia e o Consello da Xuventude de Galicia.

Pazo do Parlamento, 2 de novembro de 2006

Asdo.: Laura Seara Sobrado
Guillermo Meijón Couselo
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Ismael Rego González
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Laura Seara Sobrado na data 07/12/2006 11:42:21




Grupo Parlamentario

Guillermo Antonio Meijón Couselo na data 07/12/2006 11:42:32

Ismael Rego González na data 07/12/2006 11:42:37

Partido dos
Socialistas
de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/12/2006 18:16
Nº Rexistro: 15715
Data envío: 13/12/2006 18:16:02


Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Carlos Aymerich Cano** e **Pablo González Mariñas**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate en **Comisión**, sobre a construción dun novo centro de educación infantil e primaria en Sada.

O actual Colexio de Educación Infantil “Sada e Contornos” -o único centro público existente no termo municipal - foi construído con aportacións de sadenses pola “Sociedad de instrucción y apoyo Sada y sus Contornos” fundada por emigrantes en Nova Iorque en 1914. É nese edificio, inaugurado en 1928, no que se ubica actualmente o Colexio “Sada e Contornos”, un edificio nobre mais inaxeitado para acoller a moitos máis alumnos e alumnas dos que permite a súa capacidade real.

E esta necesidade de construír un novo centro educativo en Sada non é unha novidade. Ao menos desde 1993 o Sr. Rodríguez Ares – alcalde daquela co PP e alcalde hoxe co apoio dun tráfuga do PSOE - ven anunciando a construción dun novo colexio no centro de Sada. Mais o certo é que nunca foi capaz de pór terreos adecuados a disposición da administración educativa. Semella evidente que para o Sr. Rodríguez Ares a educación non é , precisamente, unha prioridade.

No ano 2003, cando o BNG accedeu á Alcaldía de Sada, o novo goberno municipal dirixíuse á Consellería de Educación solicitando un informe sobre a adecuación duns



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/12/2006 18:16
Nº Rexistro: 15715
Data envío: 13/12/2006 18:16:02

terreos nas Brañas de Sada, que como consecuencia dun Plano Parcial aprobado no ano 1993, e sen desenvolver na súa totalidade, quedarían para o Concello como solo dotacional. A principios de Xaneiro de 2004 a Delegada Provincial de Educación, Dna. Elena Menéndez Martín (PP), remitiu un escrito dirixido ao Alcalde nacionalista de Sada no que se concluíu a inadecuación dos terrenos das Brañas e se reclamaba outra parcela para a construción do CEIP.

A finais dese mes de Xaneiro e 2004, unha moción de censura levou outravolta á alcaldía sadense ao Sr. Rodríguez Ares e entre as barbaridades urbanísticas e ambientais perpetradas pola nova equipa de goberno cóntase a aprobación dun estudo de detalle que pretendía desenvolver os sectores B e C do Plano Parcial das Brañas e iníciáanse unhas obras de aterramento da parcela dotacional aprobadas pola Xunta Local de Goberno o 12 de Abril de 2005, sobre o que Augas de Galiza comunica ao Concello incoación de expediente sancionador o 28 de Abril de 2005, decreta a paralización das obras o 18 de Maio, obras que o 25 de Maio son denunciadas polo SEPRONA perante a Fiscalía. Contra o día 8 de Xuño dese ano, apenas 11 días antes das eleccións autonómicas, a Xunta en funcións concedeu licenza provisoria de aterramento, estando aínda pendente de resolución pola Consellaría de Medio Ambiente o recurso formulado polo BNG. A suspensión das NNSS de Sada en Decembro de 2005 e a normativa provisoria aprobada pola CPTOPT imposibilitou calquera actuación posterior na parcela das Brañas, pois quedou convertido en solo rústico de protección.

Así as cousas, só desde o electoralismo máis burdo pode entenderse que a Xunta do PP incluíse nos Orzamentos para 2005 unha partida de 1.800.000 € para a construción dun novo centro educativo en Sada. Tratábase de acalar as protestas da



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/12/2006 18:16
Nº Rexistro: 15715
Data envío: 13/12/2006 18:16:02

comunidade educativa e, nomeadamente, da ANPA do Colexio “Sada e Contornos”, mesmo sabendo o PP que non habendo terrenos axeitados, era imposible executar a tal partida. Como, polo demais, recoñeceu expresamente o 8 de Marzo de 2005 en declaracións a Radio Sada o Delegado Provincial de Educación: “non poden fixarse prazos ata o momento no que o Concello poña a disposición da Conselleria unha parcela axeitada, xá que a parcela das Brañas non é axeitada”.


De facto, nunca houbo ningún proxecto aprobado nin tampouco nunca se soubo que tipo de centro se prevía construír en Sada (de educación infantil e primaria, só infantil, so primaria?), ao non se coñeceren os terrenos en que o colexio se vai instalar tamén se descoñecen os custos das cimentacións, tema non menor se reparamos no subsolo areoso da vila de Sada. Nestas condicións é cando menos aventurado contemplar unha partida concreta e fechada para a construción do novo centro escolar que Sada precisa.

En atención a canto se vén de expor, formulase a seguinte

PROPOSICIÓN NON DE LEI

O Parlamento insta ao Goberno de Galiza a que:

1. Reclame do Concello de Sada a urxente posta a disposición da Consellaría de Educación de terrenos adecuados para a construción dun novo centro escolar nese municipio, distinto do das Brañas.
2. A que unha vez en disposición deses terrenos, a Consellaría de Educación proceda inmediatamente a definir o tipo de centro a instalar, elaborar o proxecto construtivo e licitar a construción dun novo colexio público en Sada, con cargo aos orzamentos para o exercicio de 2007.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/12/2006 18:16
Nº Rexistro: 15715
Data envío: 13/12/2006 18:16:02

Santiago de Compostela, a 13 de Decembro de 2006

Asdo.: Pablo González Mariñas
Deputado do G.P. do BNG

Asdo.: Carlos Aymerich Cano
Portavoz do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 13/12/2006 18:13:24

Pablo González Mariñas na data 13/12/2006 18:13:30

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz e a iniciativa das deputadas e deputados ROBERTO CASTRO GARCÍA, AMPARO GONZÁLEZ MÉNDEZ, ANTONIO RODRÍGUEZ MIRANDA, JOSÉ MANUEL BALTAR BLANCO, MARTA CERDIDO PINTOS, CARMEN J. SALGADO NÚÑEZ e MARTA RODRÍGUEZ ARIAS, ao abeiro do disposto no Artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición Non de Lei para o seu debate e votación en Comisión.**

Exposición de Motivos

As denominadas enerxías fósiles teñen unha vida limitada. Os enormes consumos (gasolinas, gasóleos, gas natural, etc.) nun mundo cada vez máis tecnificado, e coa participación nese consumo dos chamados países emerxentes (p. ex., China), está a achegarnos a ese fin das reservas mundiais.

Este feito incuestionable obriga ao estudio das posibilidades doutras enerxías alternativas, que serán as do próximo futuro.

Cada vez se fala máis das enerxías renovables (solar, eólica, mareomotriz, fotovoltaica, etc.). E entre elas, ocupan un lugar importante os biocombustibles.

Por parte do INEGA afirmase que no ano 2.012, produciranse en Galicia 400.000 toneladas de biocombustibles. Quere iso dicir que os cultivos deste tipo terán unha importancia notable no noso país.

Pero esa posible e probable produción non se dará da noite para a mañá. Será preciso promocionar e impulsar este tipo de cultivos, a través de miles de hectáreas dedicadas a esta produción.

Os gobernos –especialmente o do noso país- teñen que ser conscientes das posibilidades que se abren, tendo en conta a importancia que os biocombustibles terán nun próximo futuro.

Pechalos ollos a esa realidade, e deixar pasar esa oportunidade, pode levar consigo unha irresponsabilidade dende os poderes públicos que a cidadanía non entendería.

Por iso, é preciso coñecer as posibilidades do noso país a respecto dos cultivos bioenerxéticos, e facer todo o posible para aproveitalos.

Polo tanto, as deputadas e deputados que asinan presentan a seguinte PROPOSICIÓN NON DE LEI:

“O Parlamento insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Proceder a un estudio exhaustivo sobre as posibilidades dos cultivos bioenerxéticos no noso país.*
- 2.- Analizar o número de hectáreas que poden dedicarse a estes cultivos e as zonas máis idóneas.*
- 3.- Dispoñer dunha partida orzamentaria para facerlle fronte aos gastos que estas iniciativas conlevan.*
- 4.- Darlle conta ao Parlamento de Galicia dos resultados do estudio.*

Santiago de Compostela, 13 de decembro de 2006

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Barreiro Fernández na data 14/12/2006 13:47:56

Roberto Castro García na data 14/12/2006 13:48:02

María Amparo González Méndez na data 14/12/2006 13:48:07

Antonio Rodríguez Miranda na data 14/12/2006 13:48:16

José Manuel Baltar Blanco na data 14/12/2006 13:48:28

María Marta Cerdido Pintos na data 14/12/2006 13:48:34

Carmen Janet Salgado Núñez na data 14/12/2006 13:48:47

Marta Rodríguez Arias na data 14/12/2006 13:48:57



Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa da deputada Manuela López Besteiro, ó abeiro do artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta a seguinte **Proposición Non de Lei para o seu debate en Comisión**.

Exposición de Motivos

Nas últimas convocatorias da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria relativas ó impulso, promoción e experimentación de distintos programas ligados á mellora da calidade da educación exclúense sistematicamente os centros concertados xa que en lugar da expresión habitual de “centros sostidos con fondos públicos”, que incluía centros públicos e centros concertados, óptase por dirixir as convocatorias a “centros públicos”.

Como o artigo 27 da Constitución ampara por igual ás familias e alumnos que optan por unha educación ou por outra, de acordo co dereito de libre elección de centro, e dado que en Galicia a opción dos centros concertados equivale ó 32% dos alumnos de ensino non universitario, dende o Partido Popular DEFENDEMOS:

- Igual responsabilidade
- Igual trato, dentro das particularidades de cada caso

Os centros privados e concertados non son de titularidade pública, pero os alumnos que asisten a eles pagan impostos e teñen “OS MESMOS DEREITOS” a ser educados en igualdade de condicións.

DEFENDEMOS que, por exemplo, os alumnos de pais inmigrantes, e os alumnos con dificultades de todo tipo, se distribúan e se escolaricen EQUITATIVAMENTE entre tódolos centros sostidos con fondos públicos, pero tamén que, si o Plan Valora o entendemos como positivo e si os PREMIOS do mesmo serven como estímulo: ¿por que se exclúen os centros concertados?, ¿non precisan estímulos?.



**Grupo Parlamentario
Popular de Galicia**

Hai unha EXCLUSIÓN EXPLÍCITA dos centros concertados en numerosas convocatorias da Consellería. Os Plans Experimentais só se poden aplicar en centros públicos.

Por iso, solicitamos que

“O Parlamento instea á Xunta de Galicia a que nas sucesivas convocatorias de impulso, promoción e experimentación de programas ligados á mellora da calidade da educación se inclúan por igual a tódolos centros sostidos con fondos públicos.”

Santiago de Compostela, 12 de decembro de 2006

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Barreiro Fernández na data 14/12/2006 16:10:27

Manuela López Besteiro na data 14/12/2006 16:10:37



**Grupo Parlamentario
Popular de Galicia**

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas Manuela López Besteiro e Susana López Abella, ó abeiro do artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan a seguinte **Proposición Non de Lei para o seu debate en Comisión.**

Exposición de Motivos

A escola infantil do poboado xitano do Carqueixo en Lugo ven realizando unha labor excepcional de atención ós nenos na máis temperá idade e de apoio ás nais xitanas, moitas delas dedicadas á venta ambulante.

O horario desta escola infantil, xestionada pola Asociación de Promoción e Integración Xitana en Lugo, estaba adaptado ás necesidades que as familias do Carqueixo tiñan e o seu labor de pre-integración dos nenos nos centros educativos de Lugo resulta fundamental.

As instalacións da citada escola teñen deficiencias, como por desgracia as teñen tódalas vivendas do Carqueixo, pero poden e deben ser melloradas.

A fórmula de redución drástica das subvencións para o funcionamento da mesma non é a mellor para corrixilas e obriga ó colectivo que a atende a pechala.

Por iso,

“O Parlamento insta á Xunta de Galicia a:

1.- Manter a subvención que permita o funcionamento da escola infantil do Carqueixo para os anos 2006 e 2007, nas mesmas cantidades que os anos anteriores.

2.- Aportar unha partida específica para o arranxo das deficiencias da citada escola.



**Grupo Parlamentario
Popular de Galicia**

3.- Garantir a continuidade da escola infantil do Carqueixo ata que as familias poidan deixar de vivir no poboado.”

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2006

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Barreiro Fernández na data 14/12/2006 16:12:53

Manuela López Besteiro na data 14/12/2006 16:12:58



Susana López Abella na data 14/12/2006 16:13:04



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
 ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS
 E XUSTIZA

Pazo de Raxoi
 15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA
 Teléfono 981 54 49 19

Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias



Ao abeiro do disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara solicítase a comparecencia -ante o Pleno- da conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte para informar sobre "os **afundimentos na vía do Salnés VG-4.1.**"

Santiago de Compostela, 12 de decembro de 2006

O director xeral de Relacións Parlamentarias

Manuel Guillermo Varela Flores



Excm.a Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
 ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
 E XUSTIZA

Pazo de Raxoi
 15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA
 Teléfono 981 54 49 19

Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias



Ao abeiro do disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara solicítase a comparecencia ante o Pleno do conselleiro do Medio Rural para explicar "a xestión do 'pago único' ás labregas e labregos galegas/os".

Santiago de Compostela, 15 de decembro de 2006



O director xeral de Relacións Parlamentarias

Manuel Guillermo Varela Flores

Excm.a Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias



Ao abeiro do disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara solicítase a comparecencia -ante o Pleno- do conselleiro do Medio Rural para explicar **“o Plan Lácteo en relación coa situación do sector agrogandeiro galego”**.

Santiago de Compostela, 18 de decembro de 2006

O director xeral de Relacións Parlamentarias

Manuel Guillermo Varela Flores

Excma.Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz e ao abeiro dos Artigos 98 e 144 do Regulamento da Cámara, solicita a COMPARECENCIA URXENTE EN PLENO do Excmo. Sr. Conselleiro de Medio Rural para informar á Cámara do Plan de Reestruturación Lácteo aprobado polo MAPA, e as xestións efectuadas polo goberno de Galicia en relación co mesmo.

Fundamentación da Urgencia

O sector lácteo galego ven de recibir unha noticia moi negativa para os seus lexítimos intereses: a aprobación do Real Decreto relacionado co Plan de Reestruturación Lácteo, que é lesivo para Galicia.

Como consecuencia, o goberno de Galicia ten que dar contas diante do Parlamento, das xestións levadas a cabo para conquistar este Plan que tan negativamente afecta á primeira produtora láctea de entre as CC.AA. do Estado.

Parlamento de Galicia, 18 de decembro de 2006

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Barreiro Fernández na data 18/12/2006 17:58:53

Agustín Baamonde Díaz na data 18/12/2006 18:06:30

Roberto Castro García na data 18/12/2006 18:06:51

María Amparo González Méndez na data 18/12/2006 18:07:14

César Pérez Ares na data 18/12/2006 18:07:26

Antonio Rodríguez Miranda na data 18/12/2006 18:07:36

Carmen Janet Salgado Núñez na data 18/12/2006 18:07:47

Jose Antonio Santiso Miramontes na data 18/12/2006 18:08:04

Alberto Sueiro Pastoriza na data 18/12/2006 18:08:20

Aurelio Domingo Miras Portugal na data 18/12/2006 18:08:29

Beatriz Mato Otero na data 18/12/2006 18:08:38

Dámaso López Rodríguez na data 18/12/2006 18:08:55



Diego Calvo Pouso na data 18/12/2006 18:09:05

Jaime Castiñeira Broz na data 18/12/2006 18:09:18

Manuel Santos Ruíz Rivas na data 18/12/2006 18:09:33



Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias



Ao abeiro do disposto nos artigos 98.1 e 143 do Regulamento da Cámara solicítase a comparecencia –con carácter urgente- ante a Comisión 7ª, “Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes” do conselleiro do Medio Rural para explicar “o Plan de Desenvolvemento Rural”.

Santiago de Compostela, 18 de decembro de 2006

O director xeral de Relacións Parlamentarias





[Signature]
 Manolo Guillermo Varela Flores

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias



Ao abeiro do disposto nos artigos 98.1 e 143 do Regulamento da Cámara solicítase a comparecencia –con carácter urgente- ante a Comisión 7ª, “Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes” do conselleiro do Medio Rural para explicar “a xestión do ‘pago único’ ás labregas e labregos galegas/os”.

Santiago de Compostela, 18 de decembro de 2006

O director xeral de Relacións Parlamentarias




Manuel Guillermo Varela Flores

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Pilar ROJO NOGUERA, Alejandro GOMEZ ALONSO e Diego CALVO POUSO, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, atendendo á solicitude da Mesa do Parlamento de reformulación da Pregunta Oral en Pleno con número de rexistro 15506, presenta a seguinte reformulación que quedaría como segue a continuación.

Á Mesa do Parlamento

PILAR ROJO NOGUERA, ALEJANDRO GOMEZ ALONSO e DIEGO CALVO POUSO, deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Pleno**.

Como consecuencia da construción da nova sede da Administración Autonómica en Pontevedra, numerosos edificios onde se ubican as delegacións da Xunta de Galicia, quedarán baleiros cando se leve a cabo o traslado ás novas dependencias de Campolongo.

Son varios os inmobles afectados, aínda que non se coñecen con exactitude os plans da Administración Autonómica de cara o futuro, mais que a través dalgunhas declaracións illadas nos medios de comunicación por parte de representantes do concello de Pontevedra, que parecen saber mais da cuestión que os propios titulares dos inmobles.

No obstante, este último domingo (26 de novembro) líamos un titular no que se afirmaba que “a recalificación das súas sedes permitirá á Xunta obter terreos para 150 vivendas”.

Dado o compromiso manifestado en numerosas ocasións, non so pola Conselleira de Vivenda e Solo (que anima os concellos a ceder solo para vivendas protexidas), senón tamén polo propio Presidente Touriño, que sinalou a construción de vivendas protexidas como unha prioridade nas súas políticas; e dadas as dificultades nas que se atopan os concellos para colocar solo a disposición da Xunta para facelas, debido non so o colapso administrativo na tramitación de planeamentos urbanísticos, senón tamén as políticas que se están a levar a cabo dende a Consellería de Política Territorial, é polo que estes deputados consideran que é esta unha oportunidade única para que a Xunta faga real o seu compromiso, polo que teñen a ben preguntar:

¿Está disposta a Xunta de Galicia a destinar os inmobles, ou as correspondentes parcelas, que quedarán baleiros como consecuencia da construción da súa nova sede administrativa en Pontevedra, para construír vivendas protexidas?

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2006

Asinado dixitalmente por:

Pilar Rojo Noguera na data 12/12/2006 17:00:17

Alejandro Gómez Alonso na data 12/12/2006 17:00:33

Diego Calvo Pouso na data 12/12/2006 17:00:39

Á Mesa do Parlamento

PILAR ROJO NOGUERA, ALEJANDRO GOMEZ ALONSO e DIEGO CALVO POUSO, deputados pertencentes ó **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Pleno**:

Nesta última semana, a Conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes ven de presentar a través dos medios de comunicación, un avance da Lei de Medidas Urxentes de Ordenación do Territorio e do Litoral de Galicia, que segundo dixo, entrará proximamente no Parlamento.

As propostas avanzadas, sobre todo o anuncio feito da suspensión do desenvolvemento urbanístico de terreos situados a menos de 500 metros do mar, naqueles concellos que aínda non adaptaron o seu planeamento á lexislación vixente, non estivo exento dunha certa polémica, e provocou numerosas declaracións e manifestacións públicas de diferentes sectores implicados.

Sen embargo, non coñecemos a opinión da outra área do goberno, sobre todo da súa Consellería, á que lle afecta moi directamente unha decisión tomada de xeito unilateral por unha parte do goberno, unha vez máis, aínda que esta vez dende a Consellería que lle reprochou a vostede o seu individualismo na acción de goberno.

Dada a importancia e a transcendencia que a Planificación Urbana ten para os concellos, e tamén de xeito particular para a Consellería de Vivenda e Solo, que necesita dispor con urxencia de solo para levar adiante as súas políticas, este Grupo Parlamentario se pregunta qué estará a pensar vostede desta medida, e cómo vai a ter vostede que facer para cumprir os seus compromisos.

Por todo elo, os deputados asinantes formúlanlle a seguinte cuestión:

¿Como vaille a afectar a norma da Consellería de Política Territorial o respecto da construción no litoral, ás políticas de construción de vivendas protexidas que ten vostede que desenvolver nos concellos de costa?

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2006

Asinado dixitalmente por:

Pilar Rojo Noguera na data 13/12/2006 10:39:20

Alejandro Gómez Alonso na data 13/12/2006 10:39:35

Diego Calvo Pouso na data 13/12/2006 10:39:43

Á Mesa do Parlamento

Susana López Abella e Marta Rodríguez Arias, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara e as normas supletorias para a tramitación das preguntas cualificadas de urxentes, presentan a seguinte Pregunta en Pleno.

Xustificación da urxencia

Ante a necesidade de suscitar o debate sobre os obxectivos de Sogaserse, despois de que o pasado 10 de marzo do corrente ano, a Vicepresidencia de Igualdade e do Benestar e os Directores Xerais de Caixa Galicia e Caixanova **asinaran o protocolo de colaboración e constitución da Sociedade no eido social e asistencial.**

O Pasado 10 de marzo de 2006, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e os directores xerais de Caixa Galicia e Caixanova, asinaron un protocolo cuxo ámbito de colaboración “será obxecto de desenvolvemento e concreción por medio dos instrumentos que procedan ou das actuacións necesarias para a súa consecución de conformidade coa normativa vixente. En ditos instrumentos reflectirase, a dimensión e alcance da cooperación, os compromisos de toda índole que asuman as partes...”

Entre as diferentes fórmulas que no marco do presente Protocolo se recolle con carácter prioritario, a constitución, dunha Sociedade Pública, a cal adoptará a forma de Sociedade Mercantil.

Deste xeito, unha vez constituída SOGASERSE, S.A, corresponderalle, como actividade inherente o seu obxecto, a construción, equipamento e xestión de toda clase de infraestruturas destinadas a todas as actividades de carácter asistencial e social, así como de prestación de servizos...

Por todo isto, as deputadas asinantes formulan a seguinte Pregunta a Vicepresidencia de Igualdade e Benestar para ser substanciada perante o Pleno:


En qué situación se encontra o seguimento das accións previstas no mencionado Protocolo de creación e constitución de SOGASERSO S.A.?

Parlamento de Galicia, 18 de decembro de 2006

Asinado dixitalmente por:

Susana López Abella na data 18/12/2006 17:57:01

Marta Rodríguez Arias na data 18/12/2006 17:57:10



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/12/2006 18:29
Nº Rexistro: 15810
Data envío: 18/12/2006 18:29:43

Á Mesa do Parlamento

Carlos Aymerich Cano, Portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 29 de Xaneiro do 2002, formula a seguinte **PREGUNTA** dirixida ao **Presidente do Goberno** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Que medidas vai adoptar o Goberno galego para cumprir a sentenza condenatoria do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, pola contaminación da ría de Vigo?

Santiago de Compostela, 18 de Decembro de 2006

Asdo.: Carlos Aymerich Cano
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 18/12/2006 18:07:48

Á Mesa do Parlamento

Alberto Núñez Feijóo, Presidente e Portavoz do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 155 e as súas normas supletorias, presenta a seguinte **Pregunta Oral para a súa resposta en Pleno dirixida ao Presidente da Xunta**.

¿¿Que valoración fai o Presidente da Xunta do Plan Lácteo que vén de aprobar o Goberno central?

Pazo do Parlamento, 18 de decembro de 2006

Asinado dixitalmente por:

Alberto Núñez Feixóo na data 18/12/2006 18:24:06



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Ismael Rego González, deputado e portavoz pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta **oral en Pleno** dirixida ao **Sr. presidente da Xunta de Galicia**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Estase a producir un contexto de forte presión urbanística sobre amplas zonas do territorio, algunhas delas especialmente sensibles, como é o caso do litoral.

Nesta nova situación, a falla de mecanismos de ordenación territorial, a endémica carencia de actualización dos planeamentos urbanísticos, así como a nula planificación á hora de satisfacer a demanda de servizos básicos por parte desta poboación en aumento, supón un grave problema á hora de harmonizar o necesario desenvolvemento económico e urbanístico coa sostenibilidade ambiental e a calidade de vida dos cidadáns.

Diante desta situación, o Goberno galego vén de anunciar a elaboración dun proxecto de lei de medidas urxentes de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, anuncio que creou unha notable expectativa social.

Por este motivo, o deputado – portavoz que asina formula a seguinte pregunta:

Sr. presidente: Cales son os obxectivos que pretende alcanzar o seu Goberno coa aprobación da Lei de medidas urxentes de ordenación do territorio e do litoral de Galicia?

Pazo do Parlamento, 18 de decembro de 2006

Asdo.: Ismael Rego González
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Ismael Rego González na data 18/12/2006 18:08:29

Partido dos
Socialistas
de Galicia



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Laura Seara Sobrado e Francisco Cerviño González, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta oral en comisión**.

O Mosteiro beneditino de Santa Cristina, do século IX, atópase no Concello ourensá de Parada do Sil. O entorno que o rodea é de extraordinaria beleza, rodeado dun bosque de castiñeiros, e se inscribe na Ribeira Sacra, formando parte da Comarca “Terra de Caldelas”.

Este mosteiro, conta cunha igrexa romántica do século XII e cun claustro de século XVI. Aínda que dependente do mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil, desde agosto de 1518, ano no que perdeu a súa categoría de abadía e pasando á priorato, tivo unha importante influencia no pasado e varias propiedades a ambos lados do río Sil.

Por outra banda, a historia deste concello atópase intimamente ligada ao Mosteiro. Aínda que se cree que a súa fundación tivo lugar en época de San Martín Dumiense, o certo é que os primeiros documentos que falan da súa existencia datan do século IX.

Foron os reis Alfonso VI e Alfonso VII os que outorgaron privilexios de coto ao mosteiro, de xeito que as terras e as vilas pasaron as súas mans. Así, os vasallos do mosteiro dependían do abade.

Para o conxunto da comarca, pero especialmente para o Concello de Parada do Sil, a restauración e posta en valor deste monumento sería fundamental, por tratarse dun dos concellos máis despoboados e máis envellecidos de Galicia. Si no ano 1981 Parada do Sil contaba con 2287 habitantes, no 2004 había 788.

O Grupo Municipal Socialista deste Concello leva tempo buscando apoios de todas as forzas sociais, culturais e políticas co fin de acadar solucións e acordos para, por unha banda, recuperar e rehabilitar o Mosteiro e por outra, para poñer en valor un ben patrimonial que pode ser un importante revulsivo para unha zona que precisa accións concretas co



Grupo Parlamentario

fin de evitar a súa sangría demográfica, para xerar emprego e rematar co seu illamento.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Polo exposto a deputada e deputado asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.- Como valora a Xunta de Galicia o estado de conservación do Mosteiro?
- 2.- Pensa a Xunta de Galicia levar a cabo algunha actuación no Mosteiro de Santa Cristina de Parada de Sil?
- 3.- Que tipo de actuacións?

Pazo do Parlamento, 12 de decembro de 2006

Asdo.: Laura Seara Sobrado
Francisco Cerviño González
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Laura Seara Sobrado na data 12/12/2006 13:19:03

Francisco Cerviño González na data 12/12/2006 13:19:19



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Laura Seara Sobrado e Francisco Cerviño González, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, solicitan a esa Mesa se proceda á corrección de erros advertido no doc. núm. 15670, correspondente a unha pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

Corrección de erros:

No segundo parágrafo da iniciativa onde di “... igrexa romántica ...” debe dicir “ ...igreja románica...”.

Pazo do Parlamento, 14 de decembro de 2006

Asdo.: Laura Seara Sobrado
Francisco Cerviño González
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Laura Seara Sobrado na data 14/12/2006 11:01:21

Francisco Cerviño González na data 14/12/2006 11:01:32

Á Mesa do Parlamento

M^a Amparo González Méndez, Roberto Castro García, Antonio Rodríguez Miranda, José Manuel Baltar Blanco e Alejandro Gómez Alonso, deputada e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta oral para a súa resposta na Comisión 2^a: Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**.

O pasado 27 de setembro nesta Comisión se aprobou por unanimidade unha PNL relativa á construción dun acceso á autovía das Rías Baixas A-52, dende Carballeda de Avia (Ourense).

O texto aprobado foi:

“O Parlamento de Galicia insta ao Goberno Galego a que se dirixa ao Ministerio de Fomento co fin de que, á menor brevidade posible, e non haber limitacións técnicas insalvables, inicie os trámites para a construción dun novo enlace coa A-52 dende o Concello de Carballeda de Avia”.

Pasados xa varios meses dende esta iniciativa de impulso, os asinantes fan as seguintes preguntas:

- 1.- Qué xestións ten feito o Goberno Galego para por en marcha esta iniciativa?
- 2.- Ten vontade política o Goberno do Estado para levar a cabo dita obra?
- 3.- Hai algún estudo feito por parte da Xunta ou do Goberno do Estado da viabilidade desta obra? Cál sería o trazado? Cánto sería o custo económico da execución desta obra? Cál é o prazo de execución? Cándo comezarían as obras?

4.- En caso de que o Goberno Central non executara dita obra, ten previsto o goberno galego asumir o coste da obra?

5.- Cal é a valoración do goberno galego da necesidade deste acceso para o Concello de Carballeda de Avia?

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2006

Asinado dixitalmente por:

María Amparo González Méndez na data 12/12/2006 14:09:46

Roberto Castro García na data 12/12/2006 14:09:51

Antonio Rodríguez Miranda na data 12/12/2006 14:10:00

José Manuel Baltar Blanco na data 12/12/2006 14:10:09

Alejandro Gómez Alonso na data 12/12/2006 14:10:22



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Ramón Paz Antón, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

A morte do dictador chileno Augusto Pinochet sen que chegara a ser xulgado polos crimes cometidos na dictadura militar de Chile dos que foi responsábel, pon de manifesto as dificultades para xulgar os crimes contra a humanidade, tanto con carácter xeral coma no caso concreto do citado país andino.

Estas dificultades vense agravadas polas opinións realizadas por representantes políticos como as emitidas recentemente en dous programas de televisión polo senador electo polo Parlamento galego Manuel Fraga, quen chega a valorar positivamente os 17 anos de dictadura de Pinochet cualificando as máis de tres mil mortes que se produciron durante ese réxime tiránico como "algún exceso" e, pola contra, referíndose despectivamente sobre o labor do presidente asasinado Salvador Allende que fora electo democráticamente polo seu pobo.

Por outra banda, cabe lembrar o procesamento por delitos de xenocidio, terrorismo e torturas, na causa aberta contra o citado dictador nos tribunais xudiciais do estado español e que a pesar de que a súa morte pechará a causa contra el, o sumario manterase aberto para o resto dos acusados.

A existencia de cidadáns e cidadás de Galiza entre aquelas vítimas da dictadura de Pinochet fai que pareza acaído a visibilización desas vítimas,



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

coñecer e dignificar a aqueles compatriotas asasinados e desaparecidos. Por outra banda, eses posíbeis listados poden ter interés, ademais, para a programación ou acceso a diversos servizos que prestan as administracións públicas coma, por exemplo, os que por primeira vez poden ter os galegos residentes no exterior (cónxuxes, viúvos/as, pais, nais ou orfos de emigrantes que desapareceron ou faleceron durante as ditaduras de Arxentina e Chile) activados no 2006 polo goberno galego.

Por estas razóns expostas formulamos as seguintes preguntas:

1ª) ¿Existe algún estudo exhaustivo sobre o número de vítimas galegas da dictadura chilena?

2ª) De non existir, ¿considera positivo acometer ese traballo de información e tomar algún tipo de medida para dignificar ás vítimas galegas?

Santiago de Compostela, 13 de Decembro de 2006

Asdo. Xosé Ramón Paz Antón

Deputado do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Ramón Paz Antón na data 13/12/2006 19:12:11

Á Mesa do Parlamento

M^a Amparo González Méndez, Roberto Castro García, Antonio Rodríguez Miranda, José Manuel Baltar Blanco e Jaime Castiñeira Broz, deputada e deputados do **Grupo Parlamentario Popular**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte pregunta oral para a súa resposta **na Comisión 2^a: Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**.

No Pleno do 20 de setembro o Consellerio de Medio Ambiente e D.S. afirmou que ían instalar en Carballeda de Avia un centro de referencia no eido do tratamento de residuos na Comunidade Autónoma, o famoso Parque Medio Ambiental. Tamén aseguraba que o Instituto de Vivenda e Solo, Xestur, a propia Consellería, a conselleira de Vivenda e conxunto co director xeral de Calidade Ambiental estaban a traballar en presentar un proxecto ao longo do mes de outubro. Está a piques de finalizar o período de sesións e aínda non temos coñecemento de dito proxecto, eso si, propaganda moita.

Membros da Consellería de Medio Ambiente o 12 de decembro, segundo os medios de comunicación, aseguraban que este Parque Medioambiental está chamado a converterse no primeiro centro de España exclusivo para a reciclaxe de residuos sólidos. “As instalacións de Carballeda nada teñen que ver co tratamento de residuos e polo tanto no influirán ni , aliviarán a actividade de Sogama sobrepasada nunhas 400.000 toneladas ao ano”.

O certo é que a día de hoxe non sabemos se será un centro de tratamento de residuos como Sogama ou de reciclaxe de residuos sólidos.

É por iso, que a deputada e deputados fan as seguintes preguntas:

1.- O Parque Medioambiental de Carballeda de Avia será un centro de tratamento de residuos ou un de reciclaxe? Cómo funcionará?.

2.- En caso de que sexa exclusivamente de reciclaxe, onde se ubicará a nova planta de tratamento de residuos necesaria para desconxestionar Sogama? Cál será o método de tratamento dos residuos?.

3.- Cánto orzamento adicará a Consellería de Medio Ambiente a este proxecto?

4.- Qué empresa fixo o estudo de viabilidade deste Parque? Cánto foi o seu coste? Cándo finalizaron os traballos? Cáles son as conclusións?.

5.- Cándo está previsto que comecen as obras? En qué datas empezará a funcionar?

Santiago de Compostela, 13 de decembro de 2006

Asinado dixitalmente por:

María Amparo González Méndez na data 14/12/2006 13:35:28

Roberto Castro García na data 14/12/2006 13:35:32

Antonio Rodríguez Miranda na data 14/12/2006 13:35:40

José Manuel Baltar Blanco na data 14/12/2006 13:35:51

Jaime Castiñeira Broz na data 14/12/2006 13:36:03

Á Mesa do Parlamento

M^a Amparo González Méndez, Roberto Castro García, Antonio Rodríguez Miranda, José Manuel Baltar Blanco, Susana López Abella, Deputadas e Deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta Oral en Comisión 7^a: Agricultura, alimentación, ganadería e montes ao Excmo. Sr. Conselleiro de Medio Rural.**

En catro das cinco Denominacións de Orixe de Galicia, firmáronse contratos homologados onde se fixaba o prezo das uvas, a variedade das uvas que recollerían as adegas e tamén a creación dunha comisión de seguimento que avaliaría os resultados destes contratos.

Pasados máis de dous meses dende que rematou a vendima, a deputada e deputados asinantes fan as seguintes preguntas:

- 1.- Quen integra cada unha das comisións de seguimento nas distintas D.O?
- 2.- Cantas veces se reuniron e en qué datas, en cada unha das D.O?
- 3.- Cales son os resultados no cumprimento dos prezos e as condicións da vendima en cada unha das D.O?. Qué adegas non cumpriron o pactado? Qué repercusións terá o incumprimento dos contratos homologados?
- 4.- Cando se firmaron os primeiros contratos en cada unha das D.O?

5.- Cantos contratos homologados se firmaron en cada unha das D.O? Qué porcentaxe da produción quedou finalmente amparada polos contratos homologados?

Pazo do Parlamento, 11 de decembro de 2006

Asinado dixitalmente por:

María Amparo González Méndez na data 14/12/2006 13:34:38

Roberto Castro García na data 14/12/2006 13:34:43

Antonio Rodríguez Miranda na data 14/12/2006 13:34:51

José Manuel Baltar Blanco na data 14/12/2006 13:35:02

Susana López Abella na data 14/12/2006 13:35:07

Á Mesa do Parlamento

ROBERTO CASTRO GARCÍA, AMPARO GONZÁLEZ MÉNDEZ, ANTONIO RODRÍGUEZ MIRANDA, JOSÉ MANUEL BALTAR BLANCO, AGUSTÍN BAAMONDE DÍAZ e MARTA RODRÍGUEZ ARIAS, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no Artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta Oral ao Excmo. Sr. Conselleiro de Medio Rural, solicitando resposta na Comisión 7ª –Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes.**

O sector lácteo galego sigue con atención e con fonda preocupación todo o relacionado co Plan Lácteo, elaborado polo MAPA e sen aprobar a data de hoxe –pendente das alegacións das CC.AA.

Por si esta inqueda non fose xa de por sí importante para os sufridos produtores galegos, anunciase unha posible rebaixa nos prezos do leite para o mes de xaneiro de 2007. Pode ser de 0,012 euros (arredor de 2 pesetas) por litro, aínda que non está definitivamente cuantificada.

No ano 2005, o leite reducira os seus prezos nun 7% e no que vai de 2006, nun 4%.

As grandes manifestacións do goberno de Galicia, en relación cos importantes logros da Mesa do Leite, están a demostrar que eran pura e simple propaganda. Un intento máis de seguir a enganar aos produtores que ven o seu futuro cada día máis complicado.

O posible incremento da entrada de leite francés, a primeiros de ano, vai levar consigo baixadas nos prezos por parte das industrias.

Polo tanto, as deputadas e deputados que asinan solicitan resposta ás seguintes cuestións:

1.- ¿Ten constancia o goberno de Galicia, da posible baixada dos prezos do leite para o mes de xaneiro?.

2.- *¿Sostén o goberno de Galicia que esa posible baixada débese a un efecto estritamente estacional?*

3.- *¿Qué ten previsto facer o goberno galego, no suposto de que se confirme esa baixada nos prezos do leite?*

4.- *¿Vai reunir a Mesa do Leite?. ¿Ten previsto aportar algunha iniciativa para que as partes implicadas cheguen a algún tipo de acordo, en relación coa política de prezos?*

Santiago de Compostela, 13 de decembro de 2006

Asinado dixitalmente por:

Roberto Castro García na data 14/12/2006 13:45:21

María Amparo González Méndez na data 14/12/2006 13:45:26

Antonio Rodríguez Miranda na data 14/12/2006 13:45:36

José Manuel Baltar Blanco na data 14/12/2006 13:45:45

Agustín Baamonde Díaz na data 14/12/2006 13:45:58

Marta Rodríguez Arias na data 14/12/2006 13:46:07

Á Mesa do Parlamento

ROBERTO CASTRO GARCÍA, AMPARO GONZÁLEZ MÉNDEZ, ANTONIO RODRÍGUEZ MIRANDA, JOSÉ MANUEL BALTAR BLANCO, MARTA RODRÍGUEZ ARIAS e CARMEN J. SALGADO NÚÑEZ, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no Artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta Oral dirixida ao Excmo. Sr. Conselleiro de Medio Rural, solicitando resposta na Comisión 7ª – Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes.**

Os OMG,s (Organismos Modificados Genéticamente) son coñecidos máis por “transxénicos”. Trátase de organismos vivos creados artificialmente mediante unha modificación xenética. En liñas xerais, trátase de aillar certas partes do ADN dun organismo para introducilas no material xenético hereditario doutro (por exemplo, o millo transxénico leva consigo unha substancia que é insecticida).

Estas manipulacións teñen uns efectos non coñecidos suficientemente, e a súa incidencia na alimentación animal e humana non está controlada.

A Comisión Europea está a estudar a posible utilización dunha variedade de pataca transxénica para producir fécula de xeito industrial, non dedicada a consumo humano nin tampouco ao consumo animal.

De momento non hai unanimidade nin maioría para proceder á súa autorización, aínda que están máis países a favor que en contra.

A variedade é a “solanum tuberosum L.line EH92-527-1”, comercializada por unha empresa química alemá (BASF), e trátase dunha variedade OMG que aumentaría o contido en fécula mediante a potenciación da amilopectina.

Será o Consello de Ministros da UE o que teña que tomar unha decisión definitiva pero no noso país, que é un importante produtor de pataca, debe existir unha posición política a respecto deste importante asunto.

Por iso, as deputadas e deputados que asinan solicitan respostas ás seguintes cuestións por parte do goberno:

1.- ¿Qué posición ten o goberno de Galicia, a respecto da posible utilización dunha variedade de pataca, dedicada á produción industrial de fécula, tratándose dun OMG?.

2.- ¿Vai a emitir algún informe o goberno de Galicia, dirixido ao MAPA, en relación con este asunto?.

3.- ¿Qué opinión ten o goberno de Galicia a respecto da posible utilización –nas comarcas produtoras- desa variedade para usos industriais?.

Santiago de Compostela, 13 de decembro de 2006

Asinado dixitalmente por:

Roberto Castro García na data 14/12/2006 13:46:25

María Amparo González Méndez na data 14/12/2006 13:46:31

Antonio Rodríguez Miranda na data 14/12/2006 13:46:41

José Manuel Baltar Blanco na data 14/12/2006 13:46:50

Marta Rodríguez Arias na data 14/12/2006 13:47:03

Carmen Janet Salgado Núñez na data 14/12/2006 13:47:20

Á Mesa do Parlamento

ROBERTO CASTRO GARCÍA, AMPARO GONZÁLEZ MÉNDEZ, ANTONIO RODRÍGUEZ MIRANDA, JOSÉ MANUEL BALTAR BLANCO, MARTA CERDIDO PINTOS, CARMEN J. SALGADO NÚÑEZ e MARTA RODRÍGUEZ ARIAS, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no Artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta Oral dirixida ao Excmo. Sr. Conselleiro de Medio Rural, solicitando resposta na Comisión 7ª -Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes.**

Cada ano que pasa é máis necesaria unha menor dependencia enerxética das denominadas enerxías fósiles. Por unha razón elemental: porque éstas tenden ao seu esgotamento. As enerxías alternativas –máis limpas e renovables- están a ser vistas como as do futuro –e son as do futuro.

De entre elas –ademais da solar, a eólica e algunhas outras-aquelas que procedan de “cultivos enerxéticos” terán un peso importante nas futuras políticas enerxéticas que están aínda por vir.

De acordo con afirmacións do INEGA, no ano 2.012 produciranse en Galicia 400.000 toneladas de biocombustibles. Como consecuencia, eses cultivos constituiranse nunha posibilidade produtiva para o sector agrario galego, que non se pode desprezar.

E para que iso sexa posible, hai que promocionar e impulsar a utilización dun número importante de hectáreas dedicadas a estes cultivos enerxéticos.

O actual goberno de Galicia –na parcela agraria- non parece estar moi animado por esta posible alternativa. Parecen pesar máis no nacionalismo galego (ao que está profundamente vinculada a equipa de Medio Rural), algunhas ideoloxías que fan mirar máis cara ao pasado, en vez de enfrontar o futuro cunha mentalidade aberta.

¿Por qué rexeitar a priori a posibilidade de aproveitamento de terras para dedicar a cultivos enerxéticos?. ¿Por qué pechar esa posibilidade, que podería aportar uns rendementos válidos para o medio rural de Galicia?.

As terras deberán estar ao servizo dos seus propietarios, e pensadas para producir un rendimento individual e ao mesmo tempo, social. E cada momento histórico ten unhas posibilidades que deberán ser aproveitadas.

Polo tanto, as deputadas e deputados que asinan solicitan resposta ás seguintes cuestións:

1.- *¿Qué iniciativas ten levado a cabo o actual goberno de Galicia para a utilización de terras para cultivos bioenerxéticos?.*

2.- *¿Cántos estudos se teñen feito, relacionados co aproveitamento deses cultivos?.*

3.- *¿Está Galicia en condicións de rexeitar a posibilidade de utilizar cultivos bioenerxéticos?.*

4.- *¿Cales son, a xuízo do goberno de Galicia, as principais dificultades para que os cultivos bioenerxéticos poidan ser rendibles no noso país?.*

5.- *¿Hai algún proxecto relacionado co I+D+i nesta materia, que fose rexeitado?.*

6.- *¿Cales foron –no seu caso- as razóns para os impedimentos?.*

Santiago de Compostela, 13 de decembro de 2006

Asinado dixitalmente por:

Roberto Castro García na data 14/12/2006 13:52:32

María Amparo González Méndez na data 14/12/2006 13:52:36

Antonio Rodríguez Miranda na data 14/12/2006 13:52:55

José Manuel Baltar Blanco na data 14/12/2006 13:53:06

María Marta Cerdido Pintos na data 14/12/2006 13:53:17

Carmen Janet Salgado Núñez na data 14/12/2006 13:53:27

Marta Rodríguez Arias na data 14/12/2006 13:53:38



Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Manuela López Besteiro e Susana López Abella, deputadas pertencentes ó Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ó abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.

A escola infantil do poboado xitano do Carqueixo en Lugo ven realizando unha labor excepcional de atención ós nenos na máis temperá idade e de apoio ás nais xitanas, moitas delas dedicadas á venta ambulante.

O horario desta escola infantil, xestionada pola Asociación de Promoción e Integración Xitana en Lugo, estaba adaptado ás necesidades que as familias do Carqueixo tiñan e o seu labor de pre-integración dos nenos nos centros educativos de Lugo resulta fundamental.

As instalacións da citada escola teñen deficiencias, como por desgracia as teñen tódalas vivendas do Carqueixo, pero poden e deben ser melloradas.

A fórmula de redución drástica das subvencións para o funcionamento da mesma non é a mellor para corrixilas e obriga ó colectivo que a atende a pechala.

Por todo isto, as deputadas asinantes desexarían coñecer:

1.- ¿Pensa a Vicepresidencia reconsiderar o drástico recorte da subvención concedida á Asociación de Integración do Pobo Xitano en Lugo para que poida afrontar o funcionamento de dita escola?.

2.- ¿Pensa a Vicepresidencia aportar unha partida suficiente para o arranxo do edificio?.



**Grupo Parlamentario
Popular de Galicia**

3.- De non ser así, ¿que solución realista ten prevista a Vicepresidencia para os 22 nenos e nenas actualmente atendidos no poboado do Carqueixo

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2006

Asinado dixitalmente por:

Manuela López Besteiro na data 14/12/2006 16:11:40

Susana López Abella na data 14/12/2006 16:11:50



**Grupo Parlamentario
Popular de Galicia**

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Castelao Bragaña e Aurelio Miras Portugal, deputados pertencentes ó Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ó abeiro do artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.**

¿En que consisten os estudos que realiza a Xunta de Galicia sobre as Demarcacións Consulares e a súa poboación para o voto en urna dos emigrantes?.

Santiago de Compostela, 14 de decembro de 2006

Asinado dixitalmente por:

Jose Manuel Castelao Bragaña na data 14/12/2006 16:16:32

Aurelio Domingo Miras Portugal na data 14/12/2006 16:16:38



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

M^a Carmen Cajide Hervés, M^a Soledad Soneira Tajés e M^a Carmen Acuña Docampo, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta oral en Comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

En Galicia, a camelia estase convertendo nunha planta moi popular, sobre todo nas Rías Baixas dadas as súas condicións climáticas. A isto veñen contribuíndo as persoas que, co seu gran empeño e esforzo, conseguiron que hoxe contemos con múltiples variedades de Camelia na nosa Comunidade Autónoma. Así, foron dando forma ó Concurso-Exposición Internacional da Camelia que cada ano, alternativamente, ven celebrándose en varios concellos da Comunidade Autónoma Galega, onde se expoñen as diferentes variedades e as novidades que se van creando.

Desde a súa introdución en Galicia, as diferentes especies da camelia veñen sufrindo o ataque de diferentes patóxenos e pragas, aos que desde hai un tempo hai que engadir o fungo *Ciborinia camelliae* Kohn, que afecta exclusivamente á flor da camelia.

Segundo varios documentos que así o recollen, a Ciborina é Orixinaria de Xapón, e apareceu en California (EE UU) nos anos trinta, e posteriormente en Nova Zelandia en 1994. Así mesmo, a introdución en España pode deberse á importación de camelias procedentes de EEUU e Xapón.

En canto ós síntomas e danos, a Ciborina afectan só ás flores de camelia provocando manchas nos pétalos. Para o desenvolvemento da enfermidade teñen que darse temperaturas entre 10 e 24°C e unha elevada humidade no ambiente, condicións que se dan moi frecuentemente en Galicia.

O control da Ciborina é difícil, polo que son importantísimas as medidas de tipo preventivo, sobre todo a eliminación inmediata das flores caídas ao chan e evitar o intercambio e distribución desde viveiros da planta infectada.



Grupo Parlamentario

Todas estas e outras medidas, son tidas moi en conta polas persoas que se dedican ao cultivo da camelia, sendo como é lóxico as máis interesadas en non contaminar os seus cultivos.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Temos coñecemento de que as persoas que se dedican a este cultivo en Galicia están moi interesadas en continuar dita labor importando novas especies de California, xa que din que é onde máis se innova en canto a especies de Camelia.

O Real Decreto 58/2005, de 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como a Lei 43/2002, de 20 de novembro, de sanidade vexetal, veñen limitando a importación da Camelia por mor de enfermidades como a *Ciborinia camelliae Kohn*.

Por todo o anteriormente exposto as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta en Comisión:

1.^a) ¿Que medidas ten establecido o Goberno Galego para dar solución a esta casuística, moi específica de produtores/as e comercializadores/as da camelia?

2.^a) ¿Que medidas de apoio ten establecido, ou pensa pór en práctica, a Xunta de Galicia para o sector produtor e comercializador das plantas ornamentais?

Pazo do Parlamento, 23 de novembro de 2006

Asdo.: Carmen Cajide Hervés

M^a Soledad Soneira Tajés

M^a Carme Acuña do Campo

Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia



Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

**María del Carmen Cajide Hervés na data
24/11/2006 10:35:20**

Partido dos
Socialistas
de Galicia

**María Soledad Soneira Tajés na data
24/11/2006 10:35:31**

**María del Carmen Acuña do Campo na data
24/11/2006 10:35:37**



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

M^a Carmen Cajide Hervés, M^a Soledad Soneira Tajés e M^a Carmen Acuña Docampo, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta oral en Comisión**.

Por resolución do 23 de novembro de 2001, fíxose público o resultado do proceso de selección para a concesión de subvencións no marco da iniciativa comunitaria Leader+, con indicación dos Grupos de Acción Local que resultaron beneficiarios e os respectivos cadros de financiamento dos dezaseis grupos seleccionados en Galicia.

Desde esa data ata hoxe pasaron cinco anos; trátase pois, dun período relativamente importante de tempo que debe permite extraer algunhas conclusións significativas sobre os resultados que se van percibindo ao longo dun proceso para o cal se ten previsto un transcurso total de sete anos.

Polo exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta en Comisión:

- 1.^a) ¿Cal é o grado de recursos financeiros comprometidos de cada Grupo?
- 2.^a) ¿Cal é o grado de execución financeira das accións realizadas de cada grupo?
- 3.^a) ¿Cal é o grado inversor de promotores e promotoras ata o momento en cada grupo?
- 4.^a) ¿En que medida está cumprindo cada grupo coa súa propia estratexia Leader+?
- 5.^a) ¿Cal é o grado de incidencia de cada grupo coa igualdade de oportunidades entre mulleres e homes?



Grupo Parlamentario

7.^a) ¿Cal é o grado de incidencia de cada grupo coa protección e mellora ambiental?

8.^a) ¿Cal é o grado de incidencia da aplicación dos fondos de cada grupo no Eixe 2?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

9.^a) ¿Que valoración fai a Consellería de Medio Rural da aplicación do conxunto dos fondos Leader+ ata o momento en Galicia?

Pazo do Parlamento, 27 de novembro de 2006

Asdo.: M^a Carmen Cajide Hervés

M^a Soledad Soneira Tajés

M^a Carmen Acuña Docampo

Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia



Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

**María del Carmen Cajide Hervés na data
28/11/2006 13:02:01**

**María del Carmen Acuña do Campo na data
28/11/2006 13:02:06**

**María Soledad Soneira Tajés na data 28/11/2006
13:02:19**

Partido dos
Socialistas
de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta escrita, relativa aos resultados prácticos da supresión da obrigatoriedade da poxa á baixa na comercialización en lonxa dos produtos pesqueiros.

Hai xa meses que o Consello do Goberno de Galiza aprobaba o decreto de modificación do Decreto 419/1993, do 17 de Decembro, polo que se refunde a normativa vixente en materia de descarga, primeira venda e comercialización dos recursos mariños en fresco. Así, remata a obrigatoriedade da poxa á baixa como sistema de primeira venda, estabelecéndose, iso si, que as vendas se realicen nas lonxas ou centros autorizados.

Esta medida, demandada desde hai tempo polo sector pesqueiro e marisqueiro galego, pretende facerlle fronte aos problemas de prezos na comercialización de peixe e marisco galego que, porén, acadan un elevadísimo valor no mercado e no consumo final. O obxectivo de garantir prezos mínimos de venda dos produtos pesqueiros en lonxa, e de que o valor acrecentado no proceso comercializador recaia sobre mariñeiros e mariscadoras, son a finalidade da normativa aprobada polo novo Goberno de Galiza.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2006 13:33
Nº Rexistro: 15612
Data envío: 11/12/2006 13:33:50

1.^a) Que avaliación realiza a Consellaría de Pesca e Asuntos Marítimos sobre os resultados prácticos desta nova normativa?

2.^a) Cantas lonxas ou centros autorizados eliminaron a poxa á baixa?

3.^a) Que beneficios obtivo o sector produtivo, en termos de intervención sobre o valor acrescentado, prezos mínimos, etc?

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2006.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 11/12/2006 13:32:04



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2006 16:30
Nº Rexistro: 15616
Data envío: 11/12/2006 14:03:15

Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta escrita, relativa ao derrubo dun muro de contención na Variante de Marín e á situación de inseguranza xerada por este motivo.

Na noite do pasado 7 de Decembro, coincidindo cun forte temporal de choiva e vento, derrubábase á altura da parroquia d'O Campo un muro de contención dunha das pontes da Variante de Marín, que entrou recentemente en servizo nun dos seus tramos.

O derrubo, de importantes dimensións, provocou o corte de tránsito na estrada que une Seixo e O Campo xerando, ademais da conseguinte situación de inseguranza vial, riscos de novos derrubos.

Estes feitos poñen en evidencia as deficiencias estruturais, denunciadas polo BNG e os veciños afectados durante o proceso construtivo. Non é normal que unha vía de nova construción como a Variante de Marín sufra a poucos meses de entrar en servizo danos como o sinalado. Ademais, outras vías de servizo construídas por ese motivo, nomeadamente a que dá acceso ao lugar de Currás, resultaron tamén seriamente danadas.

No seu día, a Consellaría de Política Territorial, baixo o mandato do seu antigo titular, Alberto Núñez Feijóo, negou calquera posibilidade de realizar melloras de



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2006 16:30
Nº Rexistro: 15616
Data envío: 11/12/2006 14:03:15

seguranza estrutural no trazado. As consecuencias desa irresponsabilidade están á vista.

Cumpre agora que se adopten con urxencia as medidas precisas para evitar outros danos e riscos, e na defensa da seguranza neses puntos.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes Preguntas para a súa resposta escrita:

1.^a) Coñece a Consellaría de Política Territorial os danos ocasionados na Variante de Marín, á altura da parroquia d'O Campo?


2.^a) Que avaliación se fai dos mesmos?

3.^a) Cal é a razón destes danos?

4. ^a) Quen é o responsábel?

5.^a) Que medidas se adoptarán para mellorar, en termos de seguranza, este tramo de Variante de Marín, e restabelecer os viais de servizo danados?

6.^a) En que prazo se efectivizarán?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2006 16:30
Nº Rexistro: 15616
Data envío: 11/12/2006 14:03:15

7.^a) Cónstalle á Consellaría de Política Territorial a existencia de advertencias dos veciños e veciñas, por este motivo, antes do derrubo, ao Concello de Marín e á empresa construtora?

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2006.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 11/12/2006 14:02:22



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/12/2006 09:30
Nº Rexistro: 15630
Data envío: 11/12/2006 19:14:28

Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta escrita, relativa á existencia de denuncias sobre presuntas irregularidades na Confraría de Vigo.

O colectivo de mergulladores da Confraría de Vigo ven denunciando desde hai tempo a existencia de presuntas irregularidades no funcionamento e xestión deste pósito. As anomalías denunciadas teñen a ver, fundamentalmente, coa falta de transparencia no funcionamento ordinario (inexistencia de libro de actas, negativa a ofrecer información, etc.), e contábel, proceso de toma de decisión en aspectos relevantes á marxe da asemblea xeral da confraría, etc.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- 1.^a) Que coñecemento ten a Consellaría de Pesca e Asuntos Marítimos sobre a existencia de presuntas irregularidades na Confraría de Vigo?
- 2.^a) Realizouse algunha investigación por este motivo?
- 3.^a) En caso positivo, que indica?
- 4.^a) Adoptáronse ou téñense previsto adoptar medidas por este motivo?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/12/2006 09:30
Nº Rexistro: 15630
Data envío: 11/12/2006 19:14:28

5.^a) En caso positivo, de que tipo e en que prazo?

Santiago de Compostela, 11 de Decembro de 2006.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 11/12/2006 19:13:37



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/12/2006 10:35
Nº Rexistro: 15633
Data envío: 12/12/2006 10:35:22

Á Mesa do Parlamento

Carlos Fernando Blanco Parga e Manuel Parga Núñez, deputados do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta escrita.

O 11 de decembro deste ano, nun edificio en construción, na urbanización *Pazo do Grallal*, no lugar de Covas do Concello de Viveiro (Lugo), produciuse un accidente laboral, co resultado dun traballador morto.


O traballador caeu polo oco das escaleiras, onde manexaba unha grúa. Por este motivo o Grupo Parlamentar do BNG quixera realizar as seguintes preguntas:

- 1.ª) Segundo os informes técnicos do Gabinete de Saúde Laboral, cáles foron as causas do accidente?
- 2.ª) Que medidas de seguridade puidéronse incumprir?

Santiago de Compostela, 12 de decembro de 2006.

Asdo.: Carlos Fernando Blanco Parga
Manuel Parga Núñez
Deputados do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/12/2006 10:35
Nº Rexistro: 15633
Data envío: 12/12/2006 10:35:22

Carlos Fernando Blanco Parga na data 12/12/2006 10:32:24

Manuel Parga Núñez na data 12/12/2006 10:32:28

Á Mesa do Parlamento

ROBERTO CASTRO GARCÍA, AMPARO GONZÁLEZ MÉNDEZ, ANTONIO RODRÍGUEZ MIRANDA, JOSÉ MANUEL BALTAR BLANCO, ALEJANDRO GÓMEZ ALONSO, JAIME CASTIÑEIRA BROZ, CÉSAR A. PÉREZ ARES, PILAR ROJO NOGUERA e MARTA RODRÍGUEZ ARIAS, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos Artigos 152, 154 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **pregunta escrita dirixida ao Excmo. Sr. Conselleiro de Medio Rural**.

Coa actual lexislación en materia de concentración parcelaria, as árbores están baixo protección. En ningún proceso concentrador se deberá permitir a destrución das mesmas. E sobre todo si se trata de especies autóctonas ou en zonas de especial protección.

Na Concentración Parcelaria de As Barxas-Brántega (Agolada), hai datos que indican que o sobreiral do Arnego está afectado por actuacións derivadas de desbroces e acondicionamento de fincas.

Por iso, as deputadas e deputados que asinan solicitan resposta escrita ás seguintes preguntas:

- 1.- *¿Qué actuacións estivo a levar a cabo a Consellería de Medio Rural en As Barxas-Brántega (Agolada), en relación coa concentración parcelaria?*
- 2.- *¿Producíronse danos en arborado desa zona? ¿Qué tipo de danos?*
- 3.- *¿Abriu unha investigación a Consellería para coñecer si existen actuacións irregulares nesa zona?*
- 4.- *¿Qué empresas están contratadas pola Consellería de Medio Rural nesa zona de concentración?*
- 5.- *¿Concedeu autorización a Consellería para efectuar traballos de desbroce, limpeza, etc.?*

6.- *¿Ten paralizados todos os traballos pendentes a Consellería de Medio Rural, ata coñecer os posibles danos no patrimonio natural desa zona?*

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2006

Asinado dixitalmente por:

Roberto Castro García na data 12/12/2006 14:11:27

María Amparo González Méndez na data 12/12/2006 14:11:31

Antonio Rodríguez Miranda na data 12/12/2006 14:11:39

José Manuel Baltar Blanco na data 12/12/2006 14:11:49

Alejandro Gómez Alonso na data 12/12/2006 14:11:59

Jaime Castiñeira Broz na data 12/12/2006 14:12:10

César Pérez Ares na data 12/12/2006 14:12:19

Pilar Rojo Noguera na data 12/12/2006 14:12:24

Marta Rodríguez Arias na data 12/12/2006 14:12:32

Á Mesa do Parlamento

Ángel Bernardo Tahoces e Susana López Abella deputados pertencentes ó Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ó abeiro do artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte pregunta para a súa resposta escrita á Xunta de Galicia **en relación a valoración outorgada ao proxecto de innovación presentado pola compañía ASMA YECT, S.L.**

Por resolución do 17 de novembro de 2006 da Consellería de Innovación e Industria se adxudican as axudas para o fomento da innovación empresarial convocadas pola Orde do 13 de xullo de 2006 (DOG nº 142 do 24 de xullo), modificada pola Orde do 10 de outubro de 2006 (DOG nº 203 do 20 de outubro), atopándose como primeiro suplente a seguinte empresa:

- **Solicitante:** ASMA YECT, S.L.
- **CIF:** B27295286
- **Código Expediente:** IN841C-2006/199
- **Título Proxecto:** Desenvolvemento da Tecnoloxía de Inxección a Presión de Aluminio para a Optimización Enerxética e Produtiva en Radiadores de Calefacción Doméstica.
- **Custo Subvencionable do proxecto:** 684.318
- **% Subvención:** 50%
- **Subvención:** 342.159

Do estudo por estes deputados do proxecto obxecto da solicitude, desprendese que ten un carácter innovador e que está acompañado dun importante compoñente de investigación industrial.

Que a actividade desenvolvese nun sector estratéxico para a economía galega como é o enerxético, e como consecuencia da mesma quedou perfectamente acreditado un incremento da

produtividade, da área de negocio e de acceso a novos mercados.

É un proxecto que debe ter unha especial consideración porque o seu resultado supón un aforro no consumo enerxético doméstico.

Na súa consecuencia non entendemos a exclusión deste proxecto de innovación polo que solicitamos a resposta as seguintes preguntas:

1ª.- ¿Cal foi o resultado da avaliación técnica do proxecto realizada por expertos externos, con especificación das ponderacións outorgadas aos seguintes extremos:

- a. Interese innovador do proxecto e potenciais beneficiarios.
- b. Calidade do proxecto.
- c. A valoración técnica da empresa para desenvolver o proxecto, así como a experiencia da empresa e o seu equipo de desenvolvemento na dirección do proxecto de innovación e a transferencia de resultados ao seu sector produtivo.
- d. Metodoloxía.
- e. Plan de traballo

2ª.- ¿Cal foi a valoración realizada pola comisión de selección, con especificación das valoracións outorgadas a cada criterio?

3ª.- ¿Foi necesario realizar unha terceira avaliación técnica do proxecto?

Santiago de Compostela, 11 de Decembro de 2006

Asinado dixitalmente por:

Ángel Bernardo Tahoces na data 12/12/2006 16:52:38

Susana López Abella na data 12/12/2006 16:52:57

Á Mesa do Parlamento

Ángel Bernardo Tahoces, deputado pertencente ó Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ó abeiro do artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte pregunta para a súa resposta escrita á Xunta de Galicia **en relación á transferencia de crédito por importe de 3.800.000 euros entre conceptos dos capítulos VI, VII e VIII incluídos no programa 432A da Consellería de Innovación e Industria.**

Con data 3 de novembro, o Conselleiro de Economía e Facenda autorizou unha transferencia de crédito por importe de tres millóns oitocentos mil euros (3.800.000 €) entre conceptos do capítulo VI, VII e VIII incluídos no programa 432A da Consellería de Innovación e Industria.

Segundo a memoria presentada pola Consellería, a modificación proposta ten como finalidade dotar de crédito suficiente ás aplicacións orzamentarias 10.02.432A.640.0 “Investimentos Inmateriais en I+D” por importe de 450.000 euros e á 10.02.432A.740.0 “Proxectos, Infraestruturas e Convenios de I+D” por importe de 1.500.000 euros.

Asemade procédese á creación e dotación da aplicación orzamentaria 10.02.432A.860.00 “Empresa Cidade Tecnolóxica de Vigo, S.A.” con 1.850.000 euros.

Por parte da Consellería, propónse que a transferencia se financie con cargo as seguintes aplicacións orzamentarias:

- 10.02.432A.770.0 “Colaboración con empresas privadas para I+D”, detraesen 1.900.000 euros.
- 10.02.432A.780.0 “Entidades sen ánimo de lucro e Centros Tecnolóxicos”, detraesen 1.500.000 euros.

- 10.02.432A.870.00 “Fundacións para I+D”, detraesen 400.000 euros.

Con motivo desta importante minoración en transferencias de capital para financiar a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico realizado polas empresas privadas e grupos de investigación, é polo que formulamos a seguinte pregunta:

¿Cales son as razóns que determinaron a minoración en 1.900.000 euros da aplicación que contempla as transferencias de capital a empresas privadas para o desenvolvemento do I+D?

¿Cales son as razóns que determinaron a minoración en 1.500.000 euros da aplicación que contempla as transferencias de capital destinadas fundamentalmente aos grupos de investigación para o desenvolvemento do I+D?

¿Cales son as razóns que determinaron a minoración en 400.000 euros da aplicación para o I+D ás que se rebaxaron 400.000 euros?

¿En que consistiran os novos investimentos inmateriais que se queren financiar con unha nova partida de 450.000 euros?

¿Cales son as razóns que determinaron a minoración en 1.500.000 euros da aplicación que contempla as transferencias de capital destinadas fundamentalmente aos grupos de investigación para o desenvolvemento do I+D?

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2006

Asinado dixitalmente por:

Ángel Bernardo Tahoces na data 12/12/2006 16:51:31

Á Mesa do Parlamento

Ángel Bernardo Tahoces, deputado pertencente ó Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ó abeiro do artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte pregunta para a súa resposta escrita á Xunta de Galicia **en relación á transferencia de crédito por importe de 285.000 euros entre conceptos dos capítulos I, II e VI incluídos no programa 513B “Ordenación, información e defensa do consumidor” do Instituto Galego de Consumo.**

Con data 18 de outubro, o Conselleiro de Economía e Facenda autorizou unha transferencia de crédito por importe de douscentos oitenta e cinco mil euros (285.000 €) entre conceptos do capítulo I, II e VI incluídos no programa 513B “Ordenación, información e defensa do consumidor” do Instituto Galego de Consumo.

Segundo a memoria presentada polo Organismo, a modificación proposta ten como finalidade dotar de crédito suficiente a conceptos orzamentarios dos capítulos II e VI, para a adquisición de 2 vehículos para uso da inspección de consumo, e a adquisición de novo mobiliario e material informático **polo aumento de efectivos no IGC por mor da nova RPT.**

Por parte do Organismo, propónse que a transferencia se financie con cargo a conceptos orzamentarios do capítulo I, incluídos no mesmo programa, que parece ten remanente suficiente.

Con motivo desta aparente contradición entre un aumento do cadro de persoal do Organismo, e por tanto un aumento dos gastos do capítulo I, e ó mesmo tempo a existencia dun remanente de crédito no devandito capítulo, é polo que formulamos a seguinte pregunta:

¿Cales son as razóns que determinaron a existencia dun remanente de crédito de 285.000 euros no capítulo I do Instituto Galego de Consumo?

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2006

Asinado dixitalmente por:

Ángel Bernardo Tahoces na data 12/12/2006 16:52:09

A Mesa do Parlamento

José Fervenza Costas, Deputado do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa contestación por escrito**:

O pasado 29 de novembro viviuse un episodio no ámbito da asistencia sanitaria en Moaña, que deixa en entredito o funcionamento do sistema.

Un veciño de Moaña, de profesión mariñeiro, á primeira hora da mañán dese mesmo día, mentres faenaba no seu barco, atopouse mal, con dores moi fortes. Estaba completamente só, e ante dores tan agudos decidiu tomar rumbo a terra para acudir a urxencias. O lugar máis cercano era o Centro de Saúde de Moaña, ademáis o máis idoneo porque é o único Centro de Saúde de Moaña que ten urxencias, e ás 8,45 da mañán sería o único sitio onde o atendería un médico.

Este mariñeiro atracou como puido a súa embarcación contra as pedras, para saltar a terra e acudir ao centro; era tan desesperada a súa situación que votou como puido o barco contra as pedras incluso con risco de poder perdelo o golpearse.

A súa sorpresa foi cando chegou alí explicando o que lle pasaba e se negaron a atendelo. O médico de garda díxolle que como era de Meira tiña que ir ao consultorio de Meira, a pesar de que abre ás 10 da mañán. Inexplicablemente e segundo fontes consultadas pode haber algún tipo de rencillas que determinaron a postura do médico de garda.

Este veciño de Moaña, na compañía da súa muller e sobriña que o foron a buscar ao Centro de Saúde, tiraban rumbo a Vigo como se foran unha ambulancia, porque non se puxo a disposición deste cidadán ningún medio de traslado sanitario. A dor deste home cada vez era mais insoportable e no seu paso por Domaio, a súa muller decidiu parar no Centro de Saúde de Domaio, onde recibiron unha atención impecable, atendéronno inmediatamente e non lle puxeron ningún impedimento por ser de Meira, o diagnóstico do médico de Domaio foi cólico nefrítico, administrándolle a medicación necesaria para aliviar a dor e remitíndoo posteriormente ao seu médico de cabeceira e un volante para o especialista de Povisa.

Cando chegaron á casa a muller deste veciño, indignada pola situación vivida, non dubidou en dirixirse ao Cuartel da Garda Civil para poñer a correspondente denuncia.

Polo exposto, o Deputado asinante formula as seguintes preguntas:

- 1.- ¿Cal é o funcionamento, horario e localización do punto de Atención Continuada de Moaña?
- 2.- ¿Ten coñecemento o SERGAS do feito denunciado? ¿Qué actuacións ten pensado levar a cabo?
- 3.- ¿Considera o SERGAS que o asunto comentado e denunciado na Garda Civil, pudiera ser constitutivo de unha denegación de auxilio?
- 4.- ¿Obran en poder do SERGAS, mais denuncias relacionadas con este facultativo?

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2006

Asdo.: Jose Ferverza Costas
Deputado do Grupo Popular

Asinado dixitalmente por:

José Ferverza Costas na data 13/12/2006 9:50:21

Á Mesa do Parlamento

José Fervenza Costas, Deputado do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa contestación por escrito**:

Este ano semella que vai ser duro con respecto ás chuvias que están caendo en Galicia. As riadas que se están formando en algúns Concellos do Morrazo empezan a causar verdadeiros problemas para os seus habitantes.

Non debemos esquecer que os que están sufrindo as consecuencias son os cidadáns, e polo tanto dende o Grupo Popular pedimos que se teña en conta por parte do Goberno galego e que sexa prioritario.

O Concello de Cangas é un dos grandes afectados da Comarca, as perdas de particulares xa superan o 1,5 millóns de euros.

Polo exposto, o Deputado asinante formula as seguintes preguntas:

- 1.- ¿O Goberno galego fixo algunha xestión para avaliar os danos sufridos polos habitantes de Cangas?
- 2.- ¿O Goberno galego avaliou os danos en Cangas?
- 3.- De ser así, ¿en canto se valoraron os danos?
- 4.- De non ser así, ¿qué prazo da o Goberno galego para avaliar os danos en Cangas?
- 5.- ¿O Goberno galego xa ten a cuantía das indemnizacións que dará aos afectados do municipio de Cangas?
- 6.- De ser así, ¿a canto ascenden?

- 7.- ¿O Goberno galego declarará a Cangas zona catastrófica?
- 8.- ¿Algún veciño de Cangas cobrou algunha indemnización a día de hoxe polas primeiras riadas sufridas no municipio?
- 9.- De ser así, ¿cantos cobraron e canto?
- 10.- De non ser así, ¿cando cobrarán?
- 11.- ¿O Goberno galego puxo a disposición dos veciños maquinaria necesaria para levar a cabo os traballos de limpeza?
- 12.- ¿Vai tomar medidas o Goberno galego para que estas inundacións non volvan a ocorrer, facendo saneamentos, ampliación de cauces, canalizacións, etc...?

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2006

Asdo.: Jose Fervenza Costas
Deputado do Grupo Popular

Asinado dixitalmente por:

José Fervenza Costas na data 13/12/2006 9:50:54

Á Mesa do Parlamento

José Fervenza Costas, Deputado do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa contestación por escrito**:

Este ano semella que vai ser duro con respecto ás chuvias que están caendo en Galicia. As riadas que se están formando en algúns Concellos do Morrazo empezan a causar verdadeiros problemas para os seus habitantes.

Non debemos olvidar que os que están sufrindo as consecuencias son os cidadáns, e polo tanto dende o Grupo Popular pedimos que se teña en conta por parte do Goberno galego e que sexa prioritario.

O Concello de Moaña é un dos afectados da Comarca, con algunhas perdas de particulares.

Polo exposto, o Deputado asinante formula as seguintes preguntas:

- 1.- ¿O Goberno galego fixo algunha xestión para avaliar os danos sufridos polos habitantes de Moaña?
- 2.- ¿O Goberno galego avaliou os danos en Moaña?
- 3.- De ser así, ¿en canto se valoraron os danos?
- 4.- De non ser así, ¿qué prazo da o Goberno galego para avaliar os danos en Moaña?
- 5.- ¿O Goberno galego xa ten a cuantía das indemnizacións que dará aos afectados do municipio de Moaña?
- 6.- De ser así, ¿a canto ascenden?

- 7.- ¿Algún veciño de Moaña cobrou algunha indemnización a día de hoxe polas primeiras riadas sufridas no municipio?
- 8.- De ser así, ¿cantos cobraron e canto?
- 9.- De non ser así, ¿cando cobrarán?
- 10.- ¿Que xestións fixo o Concello de Moaña para solicitar as axudas para os afectados?
- 11.- ¿Cantas reclamacións presentou o Concello de Moaña?
- 12.- ¿Cando presentou as reclamacións dos afectados o Concello de Moaña?
- 13.- ¿O Goberno galego puxo a disposición dos veciños maquinaria necesaria para levar a cabo os traballos de limpeza?
- 14.- ¿Vai tomar medidas o Goberno galego para que estas inundacións non volvan a ocorrer, facendo saneamentos, ampliación de cauces, canalizacións, etc...?

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2006

Asdo.: Jose Fervenza Costas
Deputado do Grupo Popular

Asinado dixitalmente por:

José Fervenza Costas na data 13/12/2006 9:51:18

Á Mesa do Parlamento

José Fervenza Costas, Deputado do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa contestación por escrito**:

Este ano semella que vai ser duro con respecto ás chuvias que están caendo en Galicia. As riadas que se están formando en algúns Concellos do Morrazo empezan a causar verdadeiros problemas para os seus habitantes.

Non debemos esquecer que os que están sufrindo as consecuencias son os cidadáns, e polo tanto dende o Grupo Popular pedimos que se teña en conta por parte do Goberno galego e que sexa prioritario.

O Concello de Bueu é un dos grandes afectados da Comarca, con perdas de particulares que superan os 1,2 millóns de euros.

Polo exposto, o Deputado asinante formula as seguintes preguntas:

- 1.- ¿O Goberno galego fixo algunha xestión para avaliar os danos sufridos polos habitantes de Bueu?
- 2.- ¿O Goberno galego avaliou os danos en Bueu?
- 3.- De ser así, ¿en canto se valoraron os danos?
- 4.- De non ser así, ¿qué prazo da o Goberno galego para avaliar os danos en Bueu?
- 5.- ¿O Goberno galego xa ten a cuantía das indemnizacións que dará aos afectados do municipio de Bueu?
- 6.- De ser así, ¿a canto ascenden?

- 7.- ¿O Goberno galego declarará a Bueu zona catastrófica?
- 8.- ¿Algún veciño de Bueu cobrou algunha indemnización a día de hoxe polas primeiras riadas sufridas no municipio?
- 9.- De ser así, ¿cantos cobraron, e canto?
- 10.- De non ser así, ¿cando cobrarán?
- 11.- ¿O Goberno galego puxo a disposición dos veciños maquinaria necesaria para levar a cabo os traballos de limpeza?
- 12.- ¿Vai tomar medidas o Goberno galego para que estas inundacións non volvan a ocorrer, facendo saneamentos, ampliación de cauces, canalizacións, etc...?

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2006

Asdo.: Jose Fervenza Costas
Deputado do Grupo Popular

Asinado dixitalmente por:

José Fervenza Costas na data 13/12/2006 9:51:46

Á Mesa do Parlamento

José Fervenza Costas, Deputado do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa contestación por escrito**:

A catástrofe natural vivida en Galicia no mes de agosto a causa dos incendios levou consigo un devastador balance de hectáreas queimadas.

A Comarca do Morrazo foi unha das grandes afectadas, pero a peor parte levouna o Concello de Moaña.

Por parte do Concello moañés presentouse unha moción na que entre outras cousa pedía que se declarara zona catastrófica.

Polo exposto, o Deputado asinante formula as seguintes preguntas:

- 1.- ¿O Goberno galego xa contestou a moción presentada polo Concello de Moaña con respecto aos incendios que asolaron o municipio?
- 2.- De ser así, ¿qué decidiu o Goberno galego con respecto á moción presentada?
- 3.- De non ser así, ¿canto tempo mais hai que esperar para que o Goberno galego se pronuncie?
- 4.- ¿Moaña será declarada zona catastrófica polos incendios sufridos?
- 5.- ¿Alguén no municipio de Moaña cobrou algunha indemnización polos incendios sufridos no mes de agosto?

- 6.- De ser así, ¿quen, e canto cobrou?
- 7.- De non ser así, ¿cando pensa o Goberno galego indemnizar aos afectados no Concello de Moaña?
- 8.- ¿O Concello de Moaña fixo algunha xestión para axilizar os trámites das axudas?
- 9.- ¿O Concello de Moaña recibiu algunha subvención por parte do Goberno galego ou doutro organismo respecto aos incendios?
- 10.- ¿A qué tipo de axudas se pode acoller o Concello de Moaña para paliar as perdas sufridas polos incendios deste verán?
- 11.- ¿O Concello de Moaña fixo algunha xestión para recibir algunha axuda?
- 12.- De ser así, ¿de que se trata?
- 13.- ¿O Concello de Moaña solicitou algún tipo de axuda económica ou doutro tipo para levar a cabo os traballos de limpeza e reforestación do monte queimado?
- 14.- ¿Cando vai o Goberno galego iniciar a prevención en Moaña con novas brigadas?

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2006

Asdo.: Jose Ferverza Costas
Deputado do Grupo Popular

Asinado dixitalmente por:

José Ferverza Costas na data 13/12/2006 9:52:14

Á Mesa do Parlamento

José Fervenza Costas, Deputado do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta por escrito**:

Dende finais do verán, a lonxa de Meira deixou de agrupar as subastas centralizadas de marisco, trasladándose as subastas de marisco a Vigo.

Os maricadores a flote están un pouco preocupados, porque os prezos son máis baixos que en anos anteriores.

As propias confrarías admiten que se está vivindo un momento malo nas vendas.

Polo exposto, o Deputado asinante formula as seguintes preguntas:

- 1.- Na primeira quincena do mes de novembro do 2004 ¿a canto se vendeu a ameixa babosa na lonxa de Vigo?
- 2.- Na primeira quincena do mes de novembro do 2005 ¿a canto se vendeu a ameixa babosa na lonxa de Vigo?
- 3.- Na primeira quincena do mes de novembro do 2006 ¿a canto se vendeu a ameixa babosa na lonxa de Vigo?
- 4.- ¿Está nas previsións da Consellería de Pesca facer un estudo que demostre que non foi unha equivocación trasladar as subastas de Meira a Vigo?
- 5.- De ser así, ¿cando?

- 6.- De non ser así, ¿a Consellería de Pesca fará algo para comprobar que realmente non é alarmante a baixada nos prezos do marisco?
- 7.- ¿A Conselleira de Pesca ten previsto reunirse co sector do marisqueo a flote de Meira para analizar as súas opinións?
- 8.- De ser así, ¿cando?
- 9.- De non ser así, ¿cómo ten pensado comprobar ou averiguar si realmente hai un problema de prezos pola acumulación de todo o marisco na lonxa de Vigo?
- 10.- Sabemos que na campaña de Nadal hai mellores prezos, pero ¿qué solución dan para o resto do ano?

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2006

Asdo.: Jose Ferverza Costas
Deputado do Grupo Popular

Asinado dixitalmente por:

José Ferverza Costas na data 13/12/2006 9:52:40

Á Mesa do Parlamento

José Fervenza Costas, Deputado do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa contestación por escrito**:

Os veciños de Quintela, barrio polo que pasa a PO-313, están cansos de que ninguén faga nada con respecto á seguridade dos peóns neste tramo de estrada.

Xa hai uns meses o Grupo Popular presentou unha iniciativa para pedir unha explicación de porqué non se facía ningunha actuación neste tramo; segundo o Concello de Moaña estaban en trámites. A resposta da Consellería foi que non existía ningún trámite sobre esta estrada.

Este tramo urbano da PO-313 con dirección Marín, que vai dende o Portal do Almacén ata a Porta do Cego está totalmente desamparado e carece de seguridade vial algunha. Coa apertura do Corredor do Morrazo, o tráfico incrementouse nun 75%, tanto en vehículos pesados coma lixeiros. As liñas da estrada é necesario actualizalas, tanto as continuas como as discontinuas; é necesaria unha sinalización vertical de limitacións de velocidade e sinalización horizontal como os pasos de peóns, que neste trazado só hai dous en todo o tramo.

Polo exposto, o Deputado asinante formula as seguintes preguntas:

- 1.- ¿Está nas previsións da Xunta de Galicia facer algunha actuación urxente para mellorar a seguridade deste tramo da PO-313?
- 2.- De ser así, ¿cando?

- 3.- O Concello de Moaña fixo algún trámite ou actuación sobre este tema?
- 4.- De ser así, ¿cando e en que consistiu?
- 5.- A Xunta de Galicia sabe si por parte da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, se fixo algunha actuación neste tramo?
- 6.- A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, elaborou algún estudo das necesidades deste tramo urbano da PO-313?
- 7.- Hai algún proxecto elaborado para mellorar a seguridade vial deste tramo urbano da PO-313?
- 8.- Qué autoridades teñen a competencia desta estrada?
- 9.- Quen é responsable da seguridade vial deste tramo?
- 10.- Está nas previsións dos responsables da seguridade vial por un paso de peóns na Porta do Cego, na subida ao cemiterio?

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2006

Asdo.: Jose Fervenza Costas
Deputado do Grupo Popular

Asinado dixitalmente por:



José Fervenza Costas na data 13/12/2006 9:53:07



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/12/2006 11:02
Nº Rexistro: 15700
Data envío: 13/12/2006 11:02:57

Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta escrita, relativa ao seguimento da normativa de seguranza en materia de mergullo.

1.^a) Leva o Goberno de Galiza algunha estatística ou control dos accidentes laborais e doenzas profesionais en materia de mergullo profesional que se producen na Galiza?

2.^a) En caso positivo, cantos accidentes leves, graves e mortais se teñen producido na Galiza desde o ano 2000 (inclusive) até hoxe na actividade subacuática?


3.^a) Que doenzas se teñen detectado, de xeito máis habitual, como consecuencia do exercicio frecuente da actividade subacuática?

4.^a) Cantos mergulladores, e en que confrarías ou entidades do sector, están incluídos nos diversos planos de explotación con técnicas de mergullo autorizados no presente ano 2006?

Santiago de Compostela, 12 de Decembro de 2006.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Deputado do G.P. do BNG.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/12/2006 11:02
Nº Rexistro: 15700

Data envío: 13/12/2006 11:02:57

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 13/12/2006 11:01:55



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/12/2006 11:04
Nº Rexistro: 15701
Data envío: 13/12/2006 11:04:08

Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta escrita, relativa á cobertura social de traballadores hiperbáricos e mergulladores profesionais.

É máis que evidente a inadecuada cobertura social que padecen na Galiza os traballadores hiperbáricos e mergulladores profesionais, ademais do inexistente seguimento das doenzas profesionais e o seu recoñecemento oficial.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1.^a) Cal é a cobertura social da que gozan na actualidade os traballadores hiperbáricos e os mergulladores profesionais?

2.^a) En que réxime da Seguranza Social están incluídos?

3.^a) Cal é o número de traballadores que conforman este colectivo na Galiza?

4.^a) Que tipo de coeficientes redutores para a idade de xubilación posúen, en función da curta vida laboral que ten esta actividade, nomeadamente polas secuelas físicas que provoca?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/12/2006 11:04
Nº Rexistro: 15701
Data envío: 13/12/2006 11:04:08

5.^a) Ten previsto o Goberno de Galiza dirixirse ao Goberno español na demanda de modificación da actual lexislación en materia laboral e de protección social, máis beneficiosa para este colectivo?

6.^a) Que convén mellorar, a xuízo da Consellaría de Pesca e Asuntos Marítimos?

Santiago de Compostela, 13 de decembro de 2006.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 13/12/2006 11:01:06

A Mesa do Parlamento

José Fervenza Costas, Deputado do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa contestación por escrito**.

O pasado 31 de agosto o Grupo Popular formulou unha serie de preguntas sobre os obstáculos que atravesamos o mexillón galego que outros países non teñen.

As respostas da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos non foron demasiado claras.

Polo exposto, o Deputado asinante formula as seguintes preguntas:

- 1.- ¿Sabe a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos cales son as razóns da diferenza existente entre o nivel permitido en España para a venda do mexillón e o que se permite noutros países, non só da Unión Europea ?
- 2.- ¿Ten o noso Goberno constancia de que o mexillón de fora da Unión Europea véndese en Europa?
- 3.- ¿Quen fai os controis pertinentes do mexillón que chega de fora?
- 4.- ¿Ten o noso Goberno unha lista de países autorizados –fora de Europa- pola Unión Europea para a venda do mexillón?
- 5.- De ser así, ¿sabe o Goberno galego cales son as condicións para a venda do mexillón na Unión Europea?

Santiago de Compostela, 13 de Decembro de 2006

Asinado dixitalmente por:

José Fervenza Costas na data 13/12/2006 11:11:12



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

